A crise sanitaria da COVID-19 e a conseguinte declaración do estado de alarma en España, mediante o Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, provocaron un forte impacto sobre o consumo destes produtos, dado que determinaron o peche de establecementos de restauración e de hostalaría en que estes se ofrecían ás persoas consumidoras, e restrinxiron case totalmente as celebracións familiares, festas patronais, reunións gastronómicas polo que a súa demanda caeu drasticamente.

Ademais, esta situación coincide no tempo coa época de maior produción dos anos nas granxas, en virtude da parideira de primavera. A redución dos sacrificios de anos non só tivo un forte impacto no sector, senón que coaduxa en xerar un risco para





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o mantemento das condicións en que deben estar estes animais nas granxas de nacemento.

Durante o confinamento, practicamente non houbo vendas e as poucas que se fixeron foron a prezos irrisorios por mor da crise. Este impacto foi xeneralizado se temos en conta que o confinamento se fixo nunha das épocas con máis partos de cara a fornecer as diversas festividades que comezaban na primavera.

En definitiva, as granxas tiveron que vender a prezos moi inferiores aos do ano pasado, xa que o consumo de ovino e caprino está moi vencellado tradicional e culturalmente á celebración de festividades e reunións familiares. Tamén houbo quen gardou os animais até pasar o confinamento, pero tamén tiveron que vender a prezos baixos porque os animais acabaron pasados de quilos.

Como consecuencia da súa ineptitude e negligencia, deixaron en mans do estado español a aplicación dunha axuda totalmente irrisoria e denigrante para os nosos gandeiros/as de ovino e cabrún.

O día 6 de maio de 2020 publicouse no Boletín Oficial del Estado o Real Decreto 508/2020, polo que se estableceron as bases reguladoras para a concesión das subvencións estatais destinadas no exercicio 2020 ás explotacións ovinas e caprinas con dificultades de comercialización de anos e cabritos, durante os meses de marzo e abril do 2020.

O financiamento destas axudas correspondeulle á Administración xeral do Estado. No seo da Comisión Sectorial de Agricultura e Desenvolvemento Rural propúxose a distribución do crédito para as medidas excepcionais polo COVID-19 nos sectores ovino e cabrún entre as diversas comunidades autónomas que decidiran aplicar o disposto no Real decreto 508/2020, entre elas Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o resultado foi espectacular: ***as axudas pola Covid deixan fóra ao 95% das granxas galegas de ovino e cabrún que, por tamaño, poderían cobralas.***

Unha axuda que foi pensada e deseñada para paliar as dificultades na comercialización, ten o maquiavélico paradoxo de establecer, no seu criterio de selección para ser beneficiario, a condición de ser perceptor do pago específico de ovino e cabrún da PAC, para o que hai que acreditar o envío a matadoiro de 0,6 cordeiros ou cabritos por femia adulta.

E así, unicamente ***un total de 225 granxas de ovino e cabrún galegas***, que suman 6.779 animais, foron beneficiarias das axudas pola Covid, sendo o importe final dos apoios de 9,25 euros por femia elixible. Cada granxa percibiu unha media de 278 euros desta axuda compensatoria.

Por todo isto, é imprescindible a toma de decisións rápidas e efectivas. Do mesmo xeito que se está intentando axudar ao sector da hostalaría dende as diferentes administracións, non debemos abandonar e deixar na estacada o noso sector primario e en especial ás ***nosas pequenas e medianas ganderías de mercado carácter familiar, que apostan pola diversificación multiprodutiva como alternativa sostible tanto social, como ambiental e económica no complemento de rendas agrarias.***

Debemos ser capaces de converter esta situación de crise nunha oportunidade para o noso rural.

O camiño que tomemos nesta encrucillada en que nos atopamos determinará o modelo de sociedade para as próximas décadas. É evidente que a pandemia acelerou as grandes transformacións que estaban en marcha: tanto a sanitaria-social, como a dixital-tecnolóxica, a enerxético-climática, e industrial-produtiva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Establecer unha liña de axudas directas excepcionais para o sector do ovino e cabrún galego, con recursos propios do noso PDR para a presente anualidade 2021 e dotadas economicamente cos recursos suficientes para recoñecer as especificades deste sector tan dependente da hostalaría e da restauración.
2. Deseñar un plan estratéxico de acompañamento para definir as liñas urxentes de actuación sobre o sector do ovino e cabrún en Galiza no período de transición cara a recuperación da nova normalidade.”

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 12/03/2021 13:30:41

María del Carmen Aira Díaz na data 12/03/2021 13:30:48

María González Albert na data 12/03/2021 13:31:13

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/03/2021 13:31:22



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

O día 19 de febreiro de 2021 publicouse no DOG, a exposición pública da documentación dun parque eólico en Troitomil nos concellos da Baña e Negreira, promovido pola empresa *Green Capital Power*, este novo proxecto fai que aumente a preocupación polo elevado número de parques eólicos, previstos nos concellos da Baña e Negreira, xa que unido aos que xa existen e aos planificados pola mesma empresa en Vilartoxo e Barrosino na Baña e os de Alvite I e II e Banzas en Negreira, faría que estes dous concellos serían dos municipios de Galicia cun maior número de parques eólicos, o que ten moi preocupados aos alcaldes da Baña e Negreira, polos inconvenientes que xera este tipo de instalacións na calidade de vida da súa cidadanía e aos sectores primarios desta comarca, e todo por instalacións que apenas deixarán beneficios económicos entre propietarios e concellos.

Cabe destacar a forma descarada que estas empresas utilizan para fraccionar en pequenos parques eólicos, proxectos como os antes enunciados e outros nos concellos lindeiros como os de Val do Dubra, Outes e Mazaricos, que constitúen ao final unha única explotación, pero que se tramitan como subproxectos separados para evitar superar os 50 MW, que determinan que a competencia para a declaración do impacto ambiental a faga o Estado, o que pode ser unha clara vulneración da lexislación vixente.

O impacto medioambiental deste parque eólico de Troitomil agrávase dada a proximidade dos muíños de xeración de enerxía eólica aos núcleos habitados. Para a cidadanía da Baña e o seu alcalde é de especial preocupación a insuficiente distancia mínima ás vivendas que a lexislación establece (500 m), que fai que os enormes muíños de nova xeración (máis de 200 m), queden moi próximos ás vivendas, o que provocará grandes molestias polos ruídos, interferencias (TV, radio, telefonía móbil).

Por outra banda, o mundo rural está a soportar en exclusiva os custos ambientais e patrimoniais deste sector enerxético e dende o punto de vista económico, a terra onde vai asentado o parque de Troitomil é dun gran valor forestal e gandeiro e os



bañenses afectados non se benefician dunha maneira xusta da presenza deste parque nos seus territorios, algo que pasa tamén coas captacións de augas ou afeccións patrimoniais en Banzas no concello de Negreira

É preocupante que os propietarios dos terreos directamente afectados reciban unha compensación insuficiente, mentres que o resto da veciñanza que soporta os inconvenientes ambientais non perciban ningún tipo de beneficio económico e o que reciben os concellos por vía do canon e das convocatorias do fondo de compensación ambiental é residual e pouco obxectiva.

Esta preocupación foi posta de manifesto polo alcalde da Baña, que dende finais de decembro de 2020 solicitou reunirse co vicepresidente 2º de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, e despois de non ter resposta tamén solicitou reunión a principios deste mes de marzo co Xefe de Servizo de Enerxía e Minas, sen ter contestación ata este momento, o alcalde José Antonio Pereira tamén lle pediu ao Goberno galego que paralizara este proxecto ata ter garantías para a súa veciñanza.

Por iso, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

1º) O Parlamento de Galicia insta o vicepresidente segundo da Xunta de Galicia e ao xefe de servizo de Enerxía e Minas que contesten as solicitudes do alcalde da Baña e que o reciban canto antes.

2º) O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a pactar cos concellos e comunidades rurais, un novo modelo eólico para Galicia, que supoña unha aposta pola democratización do sector, elaborando un novo plan sectorial eólico de Galicia, e modificando a lexislación actual, cos obxectivos de mellorar;

- a) Os mecanismos de transparencia da Administración autonómica na información e xestión dos proxectos eólicos.
- b) Os instrumentos de participación e colaboración da Xunta de Galicia coa cidadanía e municipios afectados pola instalación destas infraestruturas.
- c) O equilibrio nas negociacións entre propietarios e promotores eólicos.
- d) As fórmulas de repercusión económica destas instalacións nos concellos e nas comunidades rurais.
- e) A defensa do patrimonio cultural e patrimonial do noso territorio e a calidade de vida dos veciños que se sitúan no entorno dun parque eólico, modificando a distancia mínima necesaria entre os muíños e as



vivendas, que agora son 500 metros, pero que na actualidade con muíños que son ata catro veces máis elevados que os que existían hai uns anos, deberan seguir un criterio utilizado en moitos países europeos, cunha distancia mínima determinada pola altura do mastro do eólico máis próximo.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 12/03/2021 12:51:17

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/03/2021 12:51:37

Noa Susana Díaz Varela na data 12/03/2021 12:51:47

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/03/2021 12:52:02



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

Os estudos de Formación Profesional son os máis próximos á realidade mercado de traballo e dan resposta á necesidade de persoal cualificado especializado nos distintos sectores profesionais para responder á actual demanda de emprego.

Unha das claves destes estudos é a conexión entre o mundo educativo e o mundo produtivo, o que se trata de garantir combinando a formación no centro educativo coa formación nas empresas, que é o que lle proporciona o complemento da práctica real á formación recibida. Para iso, a Xunta de Galicia conta coa colaboración de arredor de 9.000 empresas, nas que unha importante parte do alumnado atopa o seu primeiro emprego.

Esta colaboración establécese mediante a sinatura de convenios coas diferentes empresas e entidades, convenios nos que se presupón o cumprimento de determinados requisitos básicos, entre eles os que teñen que ver co respecto pola igualdade e a nin discriminación por sexo.

Mais recentemente coñecemos o caso dunha alumna do IES Universidade Laboral de Culleredo, que viu rexeitada a súa petición para realizar as prácticas de final de curso nunha empresa próxima ao seu domicilio aducindo esta que non tiña vestiarios para mulleres nin a vestimenta axeitada.

O artigo 19 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade refírese á integración da igualdade na formación profesional e di textualmente:

“A Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres”.

Dado o marco lexislativo en materia de igualdade e insistindo en que as prácticas



da Formación Profesional as regula a propia Xunta de Galicia, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º. Garantir que non se produza ningún tipo de discriminación por razóns de sexo nas empresas que ofrecen as prácticas de Formación Profesional establecendo os mecanismos precisos para corrixir e sancionar os incumprimentos.

2º. Incluír unha cláusula específica que comprometa ao cumprimento da non discriminación por razón de sexo nos convenios asinados entre a Consellaría de Educación e as empresas que ofrecen prácticas na FP.

Pazo do Parlamento, 12 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 12/03/2021 22:47:09

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/03/2021 22:47:27

Gonzalo Caballero Míguez na data 12/03/2021 22:47:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre ás medidas a tomar para evitar que a Atención Primaria chegue a un punto de non retorno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A COVID 19, puxo de relevo que precisamos un sistema sanitario público forte, cunha Atención Primaria reforzada como clave de bóveda, sen recortes, que permita responder ás necesidades de saúde da poboación e na que o persoal sanitario conte con recursos para que as persoas doentes poidan recibir a atención que precisan en cada momento e estar ben dimensionado para abordar as emerxencias sanitarias cando xurdan. Puxo de relevo as consecuencias dos 11 anos recortes levados a cabo polo Partido Popular na Xunta.

Unha das consecuencias da pandemia son os danos colaterais á atención, ao tratamento de outras patoloxías, especialmente as crónicas. Tensionou ao máximo o sistema sanitario ao dirixir unha parte moi importante, dos xa escasos recursos existentes, dos esforzos, cara o control da pandemia. O sistema sanitario, as/os profesionais non son de goma, non se poden estirar indefinidamente, polo que se non se aumentan os recursos é imposíbel dar resposta ás necesidades sanitarias das galegas e galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é de recibo que un ano despois de iniciada a pandemia calquera patoloxía que non sexa COVID agarde semanas a ser atendida, non se pode seguir dificultando o acceso aos centros sanitarios, cunha porcentaxe de presencialidade que non chega ao 50%, segundo o propio Conselleiro de Sanidade, segue habendo demoras de semanas para conseguir unha cita, incluso telefónica, os doentes seguen facendo cola ás portas dos centros de saúde, en moitos casos á intemperie.

A responsábel da situación non é a poboación que “acude inxustificadamente aos centros de saúde”, nin d@s profesionais, senón que é consecuencia da política sanitaria do Partido Popular na Xunta, que leva anos con actuacións de acoso e derribo da sanidade pública en xeral, e da Atención Primaria en particular.

Estase producindo tamén unha falta de equidade manifesta, segundo a Área Sanitaria e o centro de saúde que lle corresponde ás persoas que precisan asistencia sanitaria, tanto para acceder aos centros, como na presencialidade da atención e o seguimento que se realiza d@s doentes. Como exemplo é a contestación enviada na Área Sanitaria da Coruña Cee á reclamación dun doente na que se explicita que cada centro ten instaladas unhas medidas organizativas, de protección individual e colectiva. Esta situación pon de manifesto a falta de protocolos unificados, de coordinación e de seguimento por parte do Sergas.

O malestar social e profesional é cada vez máis elevado, a Atención Primaria está a sufrir un profundo deterioro, que se non se actúa de inmediato, vai chegar a un punto de non retorno, que todo indica que é o obxectivo perseguido polos polo Partido Popular.

Mentres isto ocorre na sanidade pública, medra exponencialmente o recurso á sanidade privada, á contratación de seguros privados de saúde por parte da cidadanía,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

non por vontade ou convencemento senón por esa falta de resposta e atención na sanidade pública.

O BNG ven denunciando desde fai anos a política de acoso e derribo que o Partido Popular está practicando coa Atención Primaria, a mingua dos orzamentos, a falta endémica de profesionais, a indecente precariedade laboral, a súa secundarización, a falta de capacidade de decisión...

A Xunta está desescalando a actividade económica, lúdica, social... polo que non hai ningunha xustificación para non facer o mesmo coa atención sanitaria, a empezar pola Atención Primaria.

É máis que evidente que non é posíbel atender unha situación excepcional como a actual durante máis dun ano, sen máis recursos, obrigando @s profesionais a traballar en primeira liña de defensa contra a Covid-19, facendo seguimento das miles de persoas que pasan a enfermidade nos seus domicilios, atendendo as patoloxías ordinarias, crónicas...con déficits de persoal e cada vez máis esgotad@s.

É urxente implementar unha estratexia para que a Atención Primaria dispoña dos profesionais, recursos e capacidade de tomar decisións, que permitan atender todas as demandas da poboación, unha atención sanitaria de calidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Realizar de inmediato todas as accións precisas para que todas as persoas que o precisen poidan solicitar atención presencial en Atención Primaria, para dar resposta ás demandas de atención pola COVID 19, mais tamén ao resto das patoloxías e rematar coas listas de espera neste nivel asistencial, co persoal e as medidas de prevención de contaxios precisos, para garantir unha atención sanitaria digna á poboación.

2. Establecer protocolos claros e unificados de aplicación en toda Atención Primaria, para o acceso aos centros de saúde e á atención presencial e telefónica (esta debe estar só destinada á aquelas consultas que se teña establecido).

3. Garantir a atención telefónica sen demoras, co aumento e mellora da rede, dotación do número de profesionais precisos para responden ao aumento exponencial da demanda.

4. Reforzar o persoal de limpeza dos centros de saúde e PACs

5. Presentar no Parlamento Galego un informe no que se recolla a situación dos centros de saúde:

- Restricións de acceso, porcentaxe de atención presencial, telefónica e telemática, tempos de espera para consultas telefónicas e presenciais, para analíticas...

- Volume da carga de traballo que está a supoñer para xs profesionais a atención ás persoas afectadas por COVID-19

- Relación dxs profesionais que non foron substituídos nas súas ausencias(vacacións, ILT, permisos...) desde o inicio da pandemia, das prolongacións de xornada, intersubstitucións...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

6. Realizar á máxima brevidade un Plan de Ordenación de Recursos Humanos, e sistema de identificación de prazas, a partir dos cales se realice un axeitado dimensionamento dos cadros de persoal que rematen coa precariedade laboral e a sobrecarga actual.

7. Posta en marcha sen máis dilación dun Plan de Mellora de Atención Primaria onde se contemple:

- Modificación do Decreto que regula as Areas Sanitarias e os Distritos Sanitarios para crear unha estrutura de xestión da Atención Primaria con capacidade de decisión, orzamentaria e de recursos humanos.

- Compromiso de aumento orzamentario até chegar ao 25%

- Incrementar o número de profesionais en todas as categorías tanto nos centros de saúde como nos PACs.

- Incorporación á Carteira de Servizos de Atención Primaria de categorías imprescindíbeis para prestar unha atención integral: persoal de psicoloxía clínica, terapeutas ocupacionais, logopedas, traballadoras sociais, podólogos...

- Acceso a probas diagnósticas.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2021 10:15:00

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2021 10:15:06

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2021 10:15:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A serra do Suído e o Alto Tea atesouran un grande número de formacións de turbeira, hábitat de grande interese para a biodiversidade e para a prevención e mitigación do cambio climático. As turbeiras funcionan como reguladoras do ciclo hidrolóxico, xa que actúan como unha especie de esponxas que reteñen a auga da chuva e vana liberando gradualmente. Caracterízanse pola presenza dunha grande variedade de flora e fauna, entre a que se inclúen especies en perigo de extinción.

En total están rexistradas 53 formacións de turbeira que ocupan unha superficie total de 80,8 ha. As turbeiras máis extensas atópanse no Suído: Chan do Libro con 10 ha de superficie, As Pontellas (8ha), Coto de Eiras e Outeiro Vello (5 ha cada unha). A maior parte das turbeiras sitúanse na cabeceira da conca do Oitavén-Verdugo (32). O río Tea e os seus afluentes suman un total de 20 formacións de turbeira mentres que na cabeceira do Avia só se rexistra unha (O Pozo Novo). O 78% destas formacións están situadas nos concellos da Lama e O Covelo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

	Número	Superficie
Covelo	23	31,4 ha (38,8% do total)
A Lama	16	32 ha (39,6%)
Fornelos	10	11,4 ha (14,2%)
Mondariz	2	5,2 ha (6,4%)
Avión	2	0,8 ha (1%)

A parroquia de Campo (Covelo) é a que rexistra un maior número de turbeiras, denominadas “porcas”, que ocupan un total de 20 hectáreas.

Unha parte destas turbeiras aparecen recollidas no Inventario de humidais de Galiza (2003) mais non contan con protección específica. Existe unha proposta para declarar as brañas do Suído como Humidal protexido e como humidais incluídos na listaxe internacional Ramsar (*Conservación e xestión dos humidais en Galicia*, IBADER, 2017, ©Pablo Ramil-Rego, Luís Gómez-Orellana e Javier Ferreiro da Costa editores).

A serra do Suído atesoura unha extensa rede hídrica formada polas nacentes dos ríos Avia, Tea e Oitavén-Verdugo e os seus afluentes. Numerosos regos e regatos nacen nas ladeiras dos montes da serra, con vertentes ao Avia (Couso, Abelenda, Canguíño, Cubelo, Fonda, Cabo da Veiga...), Tea (Pardellas, Latedo, Campo Grande, Foixos... e Alén (Porta Marco, Piñeiro, Caraño...), Verdugo, Xesta, Oitavén...

Moitas das cabeceiras e nacentes destes ríos están a moi pouca distancia, separados por cumes, vales e vagoadas, polo que a alteración do espazo pola construción de pistas e gaviás pode ter consecuencias na distribución da rede hidrográfica.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGU

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Debido á elevada pluviosidade que rexistra, o Suído funciona como un grande colector hídrico. As intensas e abondosas precipitacións alimentan as augas superficiais e soterradas, mananciais para abastecemento doméstico, canalizacións para regadíos, hábitats de brañas e turbeiras, e os cauces dos ríos anteriormente citados, que no caso do Oitavén abastece de auga grande parte da área metropolitana de Vigo.

No ámbito da serra do Suído e Alto Tea están en tramitación 24 parques eólicos, polo que se prevén importantes impactos na fase de contrución pola apertura de centos de km de pistas e galias de canalización de augas, centos de km de canalizacións soterradas, movementos e explanacións de terras para a instalación de aeroxeradores, subestacións e estacións meteorolóxicas, e construción de infraestruturas de transporte de enerxía.

Todas estas infraestruturas van ter un forte impacto na rede hidrolóxica e nas turbeiras, polo que resulta imprescindible que por parte de Augas de Galicia se faga unha avaliación conxunta sobre a cuestión.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Encargar a Augas de Galiza unha avaliación conxunta e un informe sobre o impacto de todos os parques eólicos previstos na rede hídrica e nas turbeiras da serra do Suído e Alto Tea.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Aplicar o principio de precaución e suspender a tramitación dos parques eólicos previstos na serra do Suído e Alto Tea polo seu grave impacto nos recursos hídricos, na rede hidrolóxica e nas turbeiras.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 10:48:38

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 10:48:41

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 10:48:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2012 publicouse o “Inventario de Hábitats e Especies de Interese Comunitario no espazo natural Serro do Suído-Alto Tea”. Este estudo, asinado por Santiago Barciela e Ignacio Munilla, elaborouse ao abeiro do convenio asinado polo concello de Covelo e a USC (Rexistro de actividades de i+D: 2011/CP019) e foi financiado pola Red + Biodiversidad 2010 da FEMP, dentro do proxecto “Accións de incremento da biodiversidade na serra do Suído e río Alén”, premiado pola FEMP.

Este estudo permitiu inventariar e estudar os hábitats e especies de interese comunitario e de interese prioritario da serra do Suído e Alto Tea, así como o seu estado de conservación e as alteracións sufridas nos últimos anos como consecuencia de repoboacións forestais, incendios, obras de drenaxes, construción de pistas e gabias, e canalizacións de parques eólicos.

O inventario recolle información sobre os hábitats, comunidades e especies de interese europeo e interese prioritario:

- 53 formacións de turbeiras que ocupan unha superficie de 80,8 ha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 17 bosques con un total de 2.192 ha, dos cales o 93% (2.042 ha) encádrase nalgũa das categorías da Directiva Hábitat, a maioría, (1.894 ha) son “carballeiras galaico portuguesas de quercus robur e quercus pyrenaica”, hábitat 9230.

- 26 superficies de matogueira higrófila, con unha extensión de 437,5ha
- 22 prados de sega de baixa altitude que suman 542, 5 ha
- Comunidades de flora: plantas vasculares de turbeiras e bosques
- Comunidades de vertebrados: Aves de hábitats abertos, aves de agrosistemas, anfibios de turbeiras
- Especies de flora vascular de interese, que inclúe 16 taxóns, 9 dos cales están protexidos por normativa de ámbito europeo, estatal ou galega. Catro especies están incluídas na Lista vermella da flora vascular española
- Especies de vertebrados: 59 especies protexidas pola normativa comunitaria, estatal ou galega.

Nas conclusións do estudo (páx. 115) sinálase o seguinte:

“Integración na Rede Natura 2000 de Galiza: trataríase de asumir e desenvolver a proposta de ampliación da Rede Natura 2000 de Galiza do ano 2007. Ademais é necesario asegurar a conexión polo norte co LIC O Cando, a través dos bosques e prados das Raíces, e a protección do nacemento do río Tea na serra do Faro de Avión. En conxunto, a área proposta

1) Posúe suficientes elementos ecolóxicos valiosos, especialmente en canto á presenza e extensión de hábitats de interese comunitario, como para constituír unha Zona de Especial Conservación (ZEC) ao abeiro da Rede Natura.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Constitúe un corredor de conexión natural entre os espazos naturais de fondo de val (concas dos ríos Tea e Oitavén-Verdudo) e os valiosos ecosistemas de media montaña representados nas serras do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira”.

No ámbito do citado estudo están en tramitación 24 parques eólicos, polo que se prevén importantes impactos na fase de construción pola apertura de centos de km de pistas e gabias de canalización de augas, centos de km de canalizacións soterradas, movementos e explanacións de terras para a instalación de aeroxeradores, subestacións e estacións meteorolóxicas, e construción de infraestruturas de transporte de enerxía. A estas afeccións hai que engadir as derivadas da posta en funcionamento dunha cantidade tan elevada de aeroxeradores e infraestruturas asociadas, o que pode derivar en consecuencias irreversíbeis para espazos e especies protexidas pola normativa comunitaria, estatal e galega.

A Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade establece a obriga de protección e conservación de hábitats e especies de interese comunitario. O artigo 46. Espazos naturais sometidos ao réxime de protección preventiva establece o seguinte:

“1.Cando da información de que dispoña a administración autonomía se deduza a existencia dunha zona ben conservada ameazada de maneira significativa por un factor de perturbación que poida alterar tal estado, a consellaría competente en materia de conservación do patrimonio natural adoptará as medidas necesarias para eliminar ou reducir o factor de perturbación ou promoverá a súa adopción por parte da administración competente.

2. No caso de que non sexa posíbel a eliminación ou a redución do factor de perturbación, establecerase mediante unha orde da persoa titular da consellaría





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

competente en materia de conservación do patrimonio natural un réxime de protección preventiva consistente:

a) na obriga das persoas titulares dos terreos de facilitaren a información e o acceso ao persoal que, consonte o disposto no artigo 116, teña encomendadas as funcións de custodia dos recursos naturais

b) no inicio de inmediato do procedemento de declaración do espazo natural protexido ou do procedemento de aprobación do instrumento de planificación que corresponda, e

c) nas medidas que garantan o bo estado de conservación do espazo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Facer unha avaliación de conxunto sobre o impacto de 24 parques eólicos e as súas infraestruturas nas serras do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira e elaborar un informe, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, sobre o risco de desaparición ou degradación de hábitats e especies de interese comunitario e de interese prioritario.

2. Desenvolver as medidas pertinentes, en cumprimento do artigo 88 da lei 5/2019 de patrimonio natural e da biodiversidade, para garantir a conservación das especies de fauna e flora de interese comunitario presentes na serra do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Dar cumprimento ao establecido no artigo 46 da lei 5/2019 en relación co protección preventiva.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 11:16:13

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 11:16:23

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 11:16:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre a devolución das contías pagadas polas familias usuarias de escolas infantís correspondentes ao mes de marzo de 2020 e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de marzo de 2020 a Xunta de Galiza decretou a emerxencia sanitaria o que provocou o peche de centros de ensino e escolas infantís, entre outros servizos. Malia que as crianzas non puideron ir á escola durante a segunda quincena de marzo, as familias xa aboaran por adiantado, como é habitual e dentro dos primeiros 10 días, o mes completo polo que procederon a reclamar o reembolso da contía correspondente ao tempo que non foi prestado o servizo.

Así as cousas, malia o tempo transcorrido, un ano, as familias continúan a agardar a devolución dese diñeiro por parte da Xunta de Galiza que se ben recibiu as correspondentes reclamacións aínda non procedeu a ingresar o diñeiro.

Cómpre sinalar que esa devolución enmárcase na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza cuxo artigo 48.8 establece que “cando por causas non imputables ao obrigado pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servizo, procederá á devolución do importe que corresponda”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información trasladada ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por usuarias e usuarios que se atopan nesta situación, a Xunta de Galiza confirma a recepción e correcta tramitación desas solicitudes mais nin sequera fixa unha data orientativa na que se procederá ao seu reembolso.

Resulta incomprensíbel a lentitude e falta de dilixencia coa que está a actuar a administración pública cando a propia administración foi estricta ao urxir a devolución doutro tipo de matrículas en establecementos como ximnasios, academias ou outras instalacións deportivas, por sinalar apenas algúns exemplos, nos que tamén se suspenderon as actividades por mor da pandemia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a proceder de maneira inmediata ao reembolso das contías correspondentes á segunda quincena de marzo de 2020 en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellaría de Política Social, de acordo co disposto no artigo 48.8 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2021 12:24:51

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2021 12:24:54

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2021 12:25:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.

Nestes momentos estanse a tramitar máis de 20 proxectos de parques eólicos no ámbito da AEIP_08_15. Prevense importantes impactos na fase de construción pola apertura de centos de km de pistas e gabias de canalización de augas, centos de km de canalizacións soterradas, movementos e explanacións de terras para a instalación de aeroxeradores, subestacións e estacións meteorolóxicas, e construción de infraestruturas de transporte de enerxía. A estas afeccións hai que engadir as derivadas da posta en funcionamento dunha cantidade tan elevada de aeroxeradores e infraestruturas asociadas, o que sen dúbida terá un forte impacto visual na paisaxe da serra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a encargar ao Instituto de Estudos do Territorio un estudo de avaliación conxunta e un informe sobre o impacto visual e paisaxístico da construción de 20 parques eólicos no ámbito da Área de Especial Interese Paisaxístico Serra do Suído.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 12:46:25

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 12:46:34

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 12:46:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade establece no seu artigo 2, referido aos “Principios xerais”, o seguinte:

“Son principios inspiradores desta Lei:

a) o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, co apoio dos servizos dos ecosistemas para o benestar humano

b) a conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais

c) a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e mais para evitar a perda neta da biodiversidade

d) a conservación e a preservación da variedade, a singularidade e a beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) a integración dos requisitos da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais, e en particular na toma de decisións no ámbito político, económico e social

f) a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística

g) a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade

h) a garantía da información á cidadanía e a súa formación e concienciación sobre a importancia do patrimonio natural e da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e na execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos establecidos por esta Lei

j) a prevención dos problemas derivados do cambio climático, a mitigación e a adaptación a el e mais a loita contra os seus efectos adversos”.

Tendo en conta o previsto na citada Lei e a relevancia que se lle dá nela á prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, ao principio de precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural ou á biodiversidade, e á prevención dos problemas derivados do cambio climático, parece necesario establecer certas cautelas a respecto da enxurrada de proxectos eólicos que se están a tramitar na actualidade, moitos dos cales afectan a espazos de grande interese ambiental e a hábitats de interese prioritario.

Cómpre ter en conta que aínda que se tramitan como parques individuais, normalmente conforman auténticos polígonos que afectan a miles de hectáreas, implican un cambio na cualificación urbanística do solo, prevén un uso industrial



intensivo do territorio e unha alta concentración de infraestruturas de acceso, excavación de gabias e canalizacións, instalación de aeroxeradores, construción de torres meteorolóxicas, construción de subestacións e instalacións de liñas de transporte de enerxía. En definitiva, a totalidade das obras vai provocar fortes alteracións na orografía, na paisaxe, nos recursos hídricos, en hábitats e especies de interese, e en elementos do patrimonio cultural, polo que deberían ser obxecto dunha avaliación conxunta dos seus efectos acumulativos e sinérxicos.

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Rosana Pérez Fernández** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Co obxecto de contribuír ao impulso do sistema de transporte público colectivo, a Xunta desenvolveu un primeiro proxecto de mellora do transporte nas sete principais cidades de Galiza. No caso de Santiago de Compostela, o primeiro convenio de colaboración para a implantación dun grupo de medidas de fomento do transporte público tivo lugar no ano 2006 e nel figuraban un total de oito concellos da área compostelá.

Posteriormente, no ano 2010, este convenio ampliouse a un total de once concellos. E, finalmente, en desenvolvemento do Plan de Transporte Metropolitano de Galiza, en novembro de 2020, suma un total de 18 concellos que conforman a Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela (ATM).

Inexplicabelmente, o convenio de 2020 tampouco inclúe concellos moi próximos á capital galega que, ademais, levan anos solicitando formar parte da área metropolitana de Santiago. É o caso de Noia e a súa comarca, a zona de litoral máis próxima a Santiago que, a día de hoxe, padece numerosos problemas de mobilidade e falla de conexión en transporte público colectivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na comarca de Muros e Noia existe un importantísimo número de persoas que se ven obrigadas a viaxar dende os diferentes municipios a Santiago por motivos laborais, sanitarios, de estudos ou de ocio e que contan cun servizo de transporte moi deficiente para poder facelo.

A poboación desta comarca leva anos reclamando unha mellora do servizo do transporte que a une á capital e dende todos os concellos vense poñendo de manifesto este problema. No caso do concello de Noia, a solicitude de tramitación para a adhesión á área metropolitana compostelá está aprobada dende o ano 2015.

O propio parlamento galego acordou unanimemente, no ano 2017, “iniciar un estudo para incluír a Noia na área de transporte metropolitano de Santiago”. A día de hoxe, en 2021, seguen a agardar pola inclusión, un feito que suporía para todos os veciños e veciñas da comarca un avance significativo en canto á mellora da oferta de servizos, aumentando a cantidade de viaxes diarias e a posibilidade de que máis viaxes sexan directas, polo corredor. Tamén en canto aos prezos, reducíndose dun xeito importante o custo do billete.

Por outra banda, a falla de conexión axeitada entre a comarca de Muros e Noia e a da Barbanza é o caso paradigmático do abandono e desidia por parte da administración e hai anos que é un clamor a deficitaria situación que se vén dando.

Concellos como Boiro ou A Pobra do Caramiñal, cos que Noia e a súa área gardan unha relación histórica, económica, social e, sobre todo, laboral, polo gran número de persoas da comarca de Muros e Noia que se desprazan ás fábricas conserveiras de Boiro e A Pobra, e que distan apenas vinte minutos en coche, manteñen un só servizo directo ao día en cada dirección, que se amplía a tres nos períodos lectivos e que non conta, en ningún caso, con conexión nas fins de semana.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A paulatina redución de traxectos nos últimos anos fai que a conexión entre Noia e Boiro ou A Pobra sexa unha combinación case imposíbel e que o abandono do transporte público sexa cada vez maior por parte dos usuarios e usuarias que, na maioría das ocasións, acaban facendo un circuíto dende Noia a Ribeira e dende aquí á Pobra ou a Boiro, incluso con trasbordo ás veces na Pobra para dirixirse a Boiro. É dicir, unha ruta dende Noia a Boiro, de apenas 18 kilómetros e 20 minutos, remata convertíndose nun auténtico rodeo de preto de 40 kilómetros e dunha hora e media de duración.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

- Incluir no convenio de colaboración entre a Xunta de Galiza e distintos concellos a aqueles da comarca de Muros e Noia que o soliciten, a efectos de formaren parte da Área de Transporte Metropolitano de Santiago de Compostela.
- Levar a cabo coa maior axilidade posíbel todas as actuacións necesarias para mellorar a conexión estratéxica entre a comarca de Muros e Noia e a da Barbanza, nomeadamente entre Noia e Boiro e Noia e A Pobra do Caramiñal.”

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2021 18:25:25

Paulo Ríos Santomé na data 16/03/2021 18:25:28

Rosana Pérez Fernández na data 16/03/2021 18:25:33



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, **Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa a seguinte **Proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

Fai un ano un acordo do Consello da Xunta de Galicia suspendeu temporalmente os servizos en escolas infantís dependentes da Consellería de Política Social por mor da emerxencia sanitaria motivada pola pandemia da Covid-19.

As persoas obrigadas a abonar o prezo público correspondente ás escolas infantís abonaron o mes completo correspondente a marzo de 2020, polo que, con motivo de que os 12 días que as escolas permaneceron pechadas e que os usuarios abonaron, a propia Administración competente resolveu a devolución de ingresos indebidos, tras as reclamacións dos usuarios, a través de resolucións da Axencia Galega de Servizos Sociais dependente da Consellería de Política Social.

Tras ditas resolucións e transcorrido un ano dende entón, aínda non se efectuaron os pagos correspondentes a ditos ingresos indebidos. Polo que dende o Grupo socialista consideramos importante ter información ao respecto.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte Proposición non de lei:

“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno da Xunta de Galicia a que efectúe, de xeito inmediato, a devolución de ingresos indebidos ás persoas afectadas polo pago do mes de marzo de 2020 en escolas infantís cando se suspenderon as actividades por mor da pandemia da Covid-19.”

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada do G. P. dos Socialistas de Galicia
Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 17/03/2021 09:30:00
Nº Rexistro: 12889
Data envío: 16/03/2021 18:34:57.264

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 16/03/2021 17:39:58

Julio Torrado Quintela na data 16/03/2021 17:40:12

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/03/2021 17:40:21

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Guadalupe Murillo Solís, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela e Ana Belén García Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

O 22 de outubro do pasado ano o Parlamento galego instaba á Xunta de Galicia a aprobar unha liña específica de subvencións dirixida aos clubs federados de ámbito autonómico para facer fronte ás esixencias derivadas da Covid-19, así como a dirixirse ao Consello Superior de Deportes para o establecemento de mecanismos de axuda e financiamento para o sector deportivo non profesional de ámbito estatal.

En relación ao primeiro dos acordos, os pasados días 5 e 17 de febreiro, publicábanse no diario oficial da Comunidade Autónoma as resolucións da Secretaría Xeral para o Deporte de 5 de xaneiro de 2021 e 30 de decembro de 2020 polas que, respectivamente, se convocaban as axudas para a adquisición de equipamentos deportivos –resolución de 5 de xaneiro- e para o desenvolvemento de actividades deportivas e a implementación de medidas de seguridade e prevención no desenvolvemento da actividade deportiva oficial como consecuencia da Covid-19 –resolución de 30 de decembro-. A través destas convocatorias, o goberno galego poñía a disposición das federacións, clubs –incluídos os de ámbito estatal non profesional-, sociedades anónimas e seccións deportivas da Comunidade Autónoma, 4.620.000 euros, mais dun 75% mais da dotación das convocatorias equivalentes publicadas durante o exercicio anterior á pandemia.

Por contra, as medidas de axuda e financiamento para o sector deportivo non profesional de ámbito estatal continúan sen chegar do Consello Superior de Deportes.

Pese a declaracións e intervencións mais dirixidas á propaganda que á realización de política efectiva, os responsables deportivos do goberno da Nación seguen situados nunha alarmante deixación de funcións, carecendo dunha política real que poña sobre a mesa as medidas necesarias para paliar as consecuencias que, a crise sanitaria, ven de ocasionar ao sector deportivo español en xeral, e ao deporte de competencia e ámbito estatal non profesional en particular.



Nin a aprobación dos orzamentos xerais do Estado, dos que 251.179.000 millóns corresponden ao CSD, nin a tan publicitada incorporación do deporte ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia da Economía española, teñen frutificado aínda en ningunha actuación concreta que, directa ou indirectamente, redunde en beneficio do sector deportivo estatal impulsando a súa recuperación.

Mentres a actividade das entidades deportivas continúan. Axustando competicións e calendarios aos requirimentos sanitarios en vigor en cada unha das Comunidades Autónomas, as competicións non profesionais das Federacións Deportivas Españolas e a actividade dos clubs e equipos intentan adaptarse á unha realidade e situación que, a súa Administración de referencia, nin coordina nin tutela, nin moito menos dota de mecanismos de financiamento alternativos á desaparición dos ingresos por taquillaxe, patrocinios, canons por competicións, etc.; en definitiva, e como sucede en poucos outros sectores e ámbitos sociais, ningún estímulo económico nin medida para paliar o impacto da pandemia sobre o sistema do deporte español procedente do responsable político do deporte español.

En base ao sinalado, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a volver a dirixirse ao Goberno de España para urxir medidas de axuda e financiamento destinadas o tecido deportivo non profesional de ámbito estatal”.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 09:59:05

María Guadalupe Murillo Solís na data 17/03/2021 09:59:26

María Sol Díaz Mouteira na data 17/03/2021 09:59:43

José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 09:59:56

José Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2021 10:00:12

Noelia Pérez López na data 17/03/2021 10:00:24

Paula Prado del Río na data 17/03/2021 10:00:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Manuel Rey Varela na data 17/03/2021 10:00:57

Ana Belén García Vidal na data 17/03/2021 10:01:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Carme González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativas á valoración por parte do goberno galego do Avance do Informe do sistema eléctrico do Estado español para o ano 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 12 de marzo de 2021 Red Eléctrica de España facía públicos os datos referentes ao Avance do Informe do sistema eléctrico do Estado español para o ano 2020, que recolle diferentes datos referentes á posición de Galiza que o goberno debe atender e valorar para orientar a súa política enerxética.

Neste informe sinálanse cuestións relevantes, entre as que está que Galiza é a segunda comunidade autónoma que máis enerxía renovábel xerou no ano 2020, só por detrás de Castela e León. Neste sentido, cabe salientar ademais o liderado das enerxías hidráulica e eólica. De feito, é a segunda zona con meirande produción eólica, tamén só por detrás de Castela e León, acadando un máximo histórico para o noso país no mix enerxético.

Así mesmo, cómpre sinalar que malia o impacto da práctica paralización das centrais térmicas de Meirama e As Pontes, Galiza continúa destacando polo seu papel produtor e exportador, cifrándose nun 29,2% a enerxía subministrada fóra do noso país, na liña da tendencia histórica que vimos sinalando desde o nacionalismo galego. É de





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sinalar tamén que, por primeira vez, a xeración con renovábeis (18.562 XWh) superou ao consumo galego (17.383 XWh).

A Xunta de Galiza debe apostar por definir de forma negociada, dialogada e transparente cal é o modelo enerxético da Galiza do futuro e que papel e peso deben ter as diferentes tecnoloxías, ademais de impulsar medidas que garantan que o papel produtor se corresponda cun impulso económico á industria e a proxectos de valor engadido que teñan un retorno que compense o impacto ambiental e socioeconómico deste rol.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a apostar por un novo modelo enerxético galego para unha transición xusta tomando as seguintes medidas:

a) colaborar coas universidades galegas e o tecido investigador do noso país no do deseño e modelización dun mapa galego de necesidades, demandas e alternativas enerxéticas

b) establecer medidas para asegurar que o papel produtor e exportador de Galiza teña un retorno socioeconómico que compense o impacto socioeconómico e medioambiental

c) aprobación polo Parlamento Galego dunha nova planificación que substitúa as deficientes Directrices enerxéticas por un Plan para un Novo modelo enerxético galego 2021-2050 con participación efectiva dos axentes implicados e dotado





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

orzamentariamente cunha programación plurianual e a incorporación de medidores obxectivos de aplicación.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/03/2021 10:20:15

Daniel Pérez López na data 17/03/2021 10:20:32

Ramón Fernández Alfonso na data 17/03/2021 10:20:41

María do Carme González Iglesias na data 17/03/2021 10:20:49





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2021 10:20:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Noa Presas Bergantiños** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, relativas á tributación das persoas con dous ou máis pagadores no IRPF e a posíbel impacto das medidas económicas da covid-19 en colectivos e persoas vulnerábeis ao realizar a declaración da renda 2020.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ante a inminencia da campaña da renda 2020 e a falta de claridade por parte dos gobernos galego e central respecto de medidas para prever e paliar o posíbel impacto das medidas económicas da covid-19 en colectivos e persoas vulnerábeis ao realizar a declaración da renda 2020, presentamos esta iniciativa.

É necesario recordar que o número de persoas afectadas por un Expediente de Regulación Temporal de Empleo (ERTE) derivado da pandemia supera xa no conxunto do Estado os catro millóns de persoas. Así mesmo, en Galiza son xa máis de 45.000 persoas.

Durante a duración do ERTE, o SEPE encárgase do pagamento de parte ou de todo o salario, debendo practicar as retencións correspondentes. Porén, o habitual é que sexan mínimas ou inexistentes, polo que isto despois pode ter unha importante repercusión á hora de presentar a declaración do IRPF que en moitos casos é pouco





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prevista. Ao tratarse como se o traballador ou traballadora tivese dúas fontes salariais diferentes, isto é, dous pagadores, está obrigado ou obrigada a presentar a declaración se supera os 14.000 euros anuais e cobrou máis de 1.500 polo “segundo pagador”. No momento de asinar esta iniciativa descoñécese se o goberno central prevé algún mecanismo para evitar o impacto desta cuestión no marco da crise da covid-19. Así mesmo, descoñécese se o goberno galego desenvolveu algún tipo de reclamación ao goberno galego.

Esta é unha cuestión delicada agravada pola situación derivada da covid-19, mais que desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego xa temos sinalado respecto do lesivo impacto deste marco normativo nos sectores máis precarizados da clase traballadora galega, aquelas persoas que combinan varios traballos para poder subsistir. Polo tanto, é necesario que neste contexto socioeconómico se impulsen medidas para elevar, como norma, a cantidade que obriga a presentar a declaración no caso de rendas recibidas do segundo e seguintes pagadores para evitar o impacto negativo nos colectivos de meirande precariedade, equiparándose ao limiar dos 22.000 euros.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Desenvolver, no ámbito das súas competencias, un estudo sobre o impacto do marco normativo actual do IRPF sobre os sectores máis precarizados e vulnerábeis economicamente da sociedade galega, de cara a aprobar propostas no ámbito das súas competencias e dirixir ao goberno español as reclamacións oportunas de modificacións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que sexan de ámbito estatal. Dito informe será presentado no Parlamento Galego no prazo máximo de dous meses.

2. Demandar do goberno central a modificación do artigo 96.3.a) 1º da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas para aumentar o límite a 22.000 euros anuais, se a suma das cantidades percibidas do segundo e restantes pagadores, por orde de contía, non supera no seu conxunto a cantidade de 8.000 euros anuais.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 17/03/2021 10:39:48

Daniel Pérez López na data 17/03/2021 10:39:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 17/03/2021 10:40:02

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2021 10:40:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**, sobre o impacto económico da pobreza en Ourense e á situación de colapso e medidas que debe impulsar a Xunta de Galiza para intervir nesta situación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Rede galega contra a pobreza alertaba no seu último informe de que xa no ano 2019 había 655.000 persoas, o 24,3% da poboación galega, en risco de pobreza ou exclusión social (a chamada taxa AROPE) segundo o INE. Máis concretamente, 212.000 destas persoas, o 7,9% da poboación, vivían na pobreza severa percibindo menos de 500€ ao mes un fogar dunha persoa ou 1.050€ nun de dous adultos e dous menores. Esta situación, xa extrema no contexto previo á pandemia, vese agora agravado polo impacto da covid-19 nos sectores máis vulnerábeis da nosa sociedade, singularmente mulleres, familias monoparentais e persoas máis novas, que están a ser castigadas polas repercusións económicas e a precariedade laboral.

A grave situación social que vivimos ten tamén un impacto desigual no territorio, habendo zonas do noso país con menor ou maior incidencia. Neste sentido, é necesario sinalar que Ourense, a terceira cidade de Galiza, ten problemas específicos que merecen a nosa atención. Dunha banda, unha situación económica preexistente negativa e doutra unha situación política insostíbel.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se atendemos aos datos do Instituto Galego de Estatística, a situación de Ourense conta con numerosos datos que contemplan meirandes índices de pobreza en termos provinciais do que outras partes do país. Por exemplo, podemos sinalar que dentro dos Indicadores de cohesión social a denominada “fenda de pobreza” pasou de estar no 25,7 no ano 2015 a chegar ao 31,7 no 2019, dez puntos por riba do 22% das demais provincias malia medrar o cadro macroeconómico desde o ano 2014 no conxunto galego. Se atendemos a diferentes datos por concellos, tamén salienta a situación da cidade de Ourense.

O aumento da pobreza e da exclusión social é, ou debera ser, unha das principais preocupacións das actuacións das diferentes administracións. Porén, na cidade de Ourense, grazas ao Partido Popular estase a perpetuar unha situación de colapso político e administrativo que ten consecuencias graves en materia de servizos sociais. Tal e como ten denunciado o Grupo Municipal do BNG de Ourense, existe un problema grave no Concello e, singularmente, na Concellería de Asuntos Sociais que ten que ver co modelo de xestión e coa falla de persoal cualificado e suficiente. Resulta alarmante que as citas para poder acceder ás distintas axudas municipais destinadas á atención das necesidades sociais tiveran demora de ata cinco meses, existindo persoas en risco de exclusión social que pola incapacidade derivada da falla de persoal da propia concellería, están a ver como se retrasan os procesos de intervención social e incluso o acceso a alimentos, situación esta, extremadamente grave.

En Ourense vivíuse tamén como hai familias que xa teñen caducado o certificado que lles permite cubrir as necesidades de alimentación, e para moitas outras caducou no pasado mes de decembro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a concellaría apuntaban a que as citas se adiaban, en decembro de 2020, até maio do 2021. Outro dos problemas é que as traballadoras sociais están totalmente desbordadas, xa son moitos meses traballando baixo mínimos e cunha presión moi alta.

Por estas e outras carencias é necesario que a Xunta de Galiza, e singularmente a Consellaría de Política Social, atendan esta situación.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas diante da grave situación social de Ourense e a falta de atendimento das administracións, nomeadamente a local:

1. Impulsar unha mesa de traballo interinstitucional para a abordaxe da situación social de Ourense, aberta á participación dos colectivos e axentes sociais e do terceiro sector.

2. Impulsar, e colaborar orzamentaria e tecnicamente, un Plan de emerxencia social para a cidade de Ourense co obxectivo de paliar a grave situación de pobreza existente e enfrontar as consecuencias sociais da crise económica provocada pola pandemia da COVID19. Este Plan incorporará medidas efectivas de natureza económica como o cumprimento dos prazos para o atendimento por parte dos servizos sociais, o cobramento de prestacións sociais ou programas de vivenda efectivos que garantan que ningunha persoa ou familia sexa desafiuzada da súa vivenda. Será deseñado de forma colaborativa no marco do punto 1 contará coa colaboración transversal de todos os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

departamentos do goberno galego en diálogo cos e coas profesionais dos servizos sociais, os movementos sociais, os sindicatos e os axentes sociais implicados.

3. Dirixirse ao concello de Ourense para ofrecer a axuda necesaria para acometer as tarefas pendentes nos servizos sociais: aceleración de citas e atendimento, trámites pertinentes para a celebración dos procesos selectivos necesarios que permitan á maior brevidade posíbel dotar do persoal necesario para o bo funcionamento da mesma, artellar mecanismos de tramitación urxente dos certificados caducados de acceso a alimentos de primeira necesidade co obxecto de eliminar as listas de agarda existentes e desatascar os convenios necesarios co terceiro sector.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 17/03/2021 11:38:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/03/2021 11:38:06

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2021 11:38:14



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero, Juan Carlos Francisco Rivera, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Pleno**.

Exposición de motivos

O primeiro intento de construción dunha senda ciclista e peonil por parte da Xunta de Galicia en Reza, pertencente ao Concello de Ourense, foi no 2018, proxecto rexeitado de xeito frontal tanto polos/as veciños/as coma pola maioría dos grupos políticos do Consistorio, a excepción do Partido Popular.

Naquel momento producíronse mobilizacións e o debate chegou ao Pleno municipal do Concello de Ourense en xuño de 2018 a través dunha moción conxunta do PSdeG-PSOE e OUEC, que tamén foi aprobada pola maioría, e naquel momento co apoio de Democracia Ourensán.

Xa daquelas denunciaba o PSdeG-PSOE que o proxecto da Xunta de Galicia, que fora solicitado polo alcalde Jesús Vázquez, fora agochado aos/as veciños/as de Reza e que a construción dun itinerario mixto peonil e ciclista de formigón, separado da calzada por un bordo delimitador e cun último treito (termas de Outariz) “fotoluminiscente”, presentaba eivas e problemáticas moi graves: o fundamental para os/as veciños/as era e é a construción de beirarrúas non dunha senda de este tipo.

Por outra banda aumentaba os problemas de accesibilidade ás vivendas e levaba consigo a supresión de aparcamentos, nunha zona xa carente deles. A expropiación dos terreos tería un impacto gravísimo na veciñanza, obrigaba a tirar muros e peches, restar gran espazo particular propiedade dos veciños, contando cunha partida mínima para tal fin dentro do proxecto: 50.000€ para 45 persoas afectadas.

O que está claro que non compensaría nin de lote os grandes prexuízos sufridos. Tratábase dunha actuación illada sen continuidade no treito urbano, un proxecto puntual e inconexo. Parecía que había que gastar fondos europeos por gastalos, sen contar coa opinión da veciñanza. E finalmente, como así tamén advertía a



Dirección Xeral de Tráfico no seu informe, aumentaba o perigo para peóns, ciclistas e automobilistas, e polo tanto a o risco de siniestralidade da vía.

Grazas á presión social e política este proxecto levaba nun caixón dende fai 2 anos e medio, e reaparece agora de novo en escena nos últimos días a través dun proxecto modificado pola Xunta de Galicia, sen contar coas alegacións veciñais, no que só se quita o termo ciclista da nomenclatura e a senda luminiscente, no que o impacto da expropiación é maior para os veciños, e no que anuncian unha expropiación urxente outra vez de costas aos afectados.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o proxecto de construción de senda peonil na OU-402, treito Reza, se este novo proxecto non responde ás necesidades dos veciños e veciñas da zona e lles ocasiona graves prexuízos, como a priori todo parece indicar.
2. Sacar a exposición pública urxente un novo proxecto de construción de senda peonil na OU-402, treito Reza, que responda ás necesidades dos veciños e veciñas da zona, previa ao inicio do procedemento de expropiación xa anunciado pola Administración autonómica.
3. Poñer fin á demanda histórica de construción de beirarrúas no treito urbano de Reza.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Patricia Otero Rodríguez
Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 17/03/2021 13:35:24

Marina Ortega Otero na data 17/03/2021 13:35:32

Juan Carlos Francisco Rivera na data 17/03/2021 13:35:42

Patricia Otero Rodríguez na data 17/03/2021 13:35:51

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/03/2021 13:36:02

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/03/2021 13:36:11



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Foi en outubro do ano 18, cando as antigas Alcoa Coruña e Avilés anunciaban o seu peche, alertando do grave problema que estaban a sufrir estas empresas grandes consumidoras de enerxía debido á falta de competitividade, causado polo prezo da electricidade que se estaba a soportar en España e a ausencia de compensacións polo servizo de interrompibilidade que o Goberno central estaba a retrasar.

As Empresas Electointensivas en España, co servizo de interrompibilidade vixente ata á primeira metade de 2018 recibían de media 500 m€ anuais, pero no ano 2018 só recibiron 324m€ e no ano 2019 moito menos, 196m€, e no ano 2020 4,385M€; reducíndose, nun 95% as asignacións do ano anterior. Unha falta de compromiso coa viabilidade desta industria que tamén se reflicte na falta de compensacións coas axudas ao CO2 que estiveron bloqueadas polo Goberno de Sánchez, e que dende que se activaron, non alcanzaron o total permitido pola Unión Europea.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia advertimos naquel momento que serían máis que Alcoa Coruña as empresas que estarían en risco, entre elas Alcoa San Cibrao, Megasa ou Ferroatlántica, e lamentablemente pouco tempo despois, foi Alcoa



San Cibrao a que anunciou tamén a súa intención de pechar pola falta de competitividade a causa do elevado prezo da enerxía.

Dende o primeiro momento o Goberno da Xunta, estivo ao lado do comité de empresa de Alcoa e dos seus traballadores, incluso fixo un fronte común con outras Comunidades Autónomas como foron Asturias e Cantabria. Con todo , o Goberno central decidiu recortar as poxas de interrompibilidade ata asfixiar a este tipo de empresas, sen ter unha solución alternativa.

Fiouse toda a posible solución a un Estatuto da Industria electrointensiva que tras dous anos de anuncios por parte do Goberno central de que sería inminente a súa aprobación, se aprobou fai un par de meses confirmándose os perores presaxios

A ese Estatuto da industria electrointensiva, o Goberno da Xunta de Galicia conxuntamente cos de Asturias e Cantabria, presentou unha serie de alegacións na liña dos marcos de apoio que existen noutros países Europeos, que finalmente non foron tidas en conta polo Goberno central.

Un estatuto da industria electrointensiva moi pouco ambicioso, pois non achega solucións, pois establece máis obrigas que beneficios para a continuidade desta industria, e tampouco achega certezas pois non recolle as medidas solicitadas por Galicia, Asturias e Cantabria para competir en igualdade de condicións a nivel europeo.

É evidente que cun prezo eléctrico en España, que está máis de 20€/MWh por riba de competidores directos en Francia e Alemaña, o futuro da industria electrointensiva



galega está en serio perigo, problema que claramente non queda solucionado co Estatuto da Industria electrointensiva aprobado fai uns meses.

Advertimos, polo tanto, que a situación destas industrias vai a complicarse se non se modifica o Estatuto da industria electrointensiva para que de verdade supoña unha rebaixa no prezo da electricidade coa posta en marcha doutras accións que permitan compensar o elevado esforzo que teñen que facer estas empresas para competir coas súas empresas homólogas en Europa.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España en favor da industria electrointensiva:

- 1.- Que se apliquen a contía máxima das compensacións por costes indirectos de CO₂, que permite a CE.
- 2.- Que se estableza un sistema de poxas de interrompibilidade, recollendo a figura do consumidor hiperelectrointensivo, como fan outros países europeos.
- 3.- Que se eximan as peaxes de transporte.
- 4.- A exención, en lugar da compensación do 85% dos cargos de renovables e coxeneración.
- 5.- Que se reduza a fiscalidade cunha exención do imposto de xeración eléctrica sobre as electrointensivas”.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 15:05:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 17/03/2021 15:05:30

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 15:05:46

Borja Vereza Fraiz na data 17/03/2021 15:06:03

José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 15:06:30

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/03/2021 15:06:48

Cristina Sanz Arias na data 17/03/2021 15:07:29

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/03/2021 15:07:58



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Miguel Tellado Filgueira, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Galicia é un referente a nivel eólico. Na actualidade, na nosa Comunidade hai ao redor de 180 parques que suman unha potencia instalada próxima aos 4.000MW, coa previsión de desenvolver 450MW ao ano ata 2030. Neste sentido, o sector eólico resulta estratéxico dentro da aposta galega polas enerxías renovables e a transición ecolóxica, ademais dunha oportunidade para crear emprego e xerar riqueza.

De feito, segundo datos da Asociación Eólica de Galicia, a enerxía eólica representa a principal fonte de xeración eléctrica no territorio galego, achegando o 35% do noso mix enerxético. Ademais, esta actividade evita a emisión de 5,4 millóns de toneladas de CO₂ – contribuíndo ao obxectivo de neutralidade climática no 2050 – ao mesmo tempo que xera máis de 7.000 postos de traballos directos e indirectos e contribúe ao Produto Interior Bruto galego con máis de 580 millóns de euros.

A Xunta de Galicia debe, polo tanto, seguir ofrecendo a súa máxima colaboración para que se aproveiten as oportunidades que xurdan neste ámbito, sempre e cando os proxectos que se presenten cumpran coas directrices fixadas tano no eido medioambiental, como no eido sectorial e técnico, exercendo a máxima transparencia coa cidadanía e velando pola compatibilidade con outros sectores económicos.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar unha análise da situación en relación coa valoración dos prezos de referencia dos parques eólicos instalados en Galicia poñendo a disposición pública o seu resultado para favorecer a transparencia nas negociacións entre os promotores e os propietarios dos terreos afectados polo desenvolvemento de nova potencia renovable na nosa Comunidade”.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 15:11:56

Marta Nóvoa Iglesias na data 17/03/2021 15:12:20

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 15:12:38

Borja Verea Fraiz na data 17/03/2021 15:12:54

José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 15:13:14

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/03/2021 15:13:31

Cristina Sanz Arias na data 17/03/2021 15:13:48

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/03/2021 15:14:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Miguel Tellado Filgueira, Marta Nóvoa Iglesias, Borja Vereza Fraiz, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Cristina Sanz Arias e Sandra Vázquez Domínguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Neste momento tan complexo que nos toca vivir hai dúas palabras que se repiten continuamente: cambio e incerteza. Ambas están a marcar a nosa existencia a todos os niveis e, por suposto, tamén condicionan de xeito determinante a actividade económica.

A incorporación do deseño nas pemes neste contexto de transformación representa un elemento de carácter estratéxico no incremento do seu valor porque ten repercusión directa nalgúñas das variables e dos aspectos máis significativos da actividade empresarial (volume de vendas, penetración de mercados, internacionalización, propiedade industrial, diferenciación, imaxe percibida e recoñecemento de marca, fidelización ao cliente, etc.).

De feito, no presente son moitos os casos de empresas en Galicia que xa apostan polo deseño para a innovación como motor de competitividade e están crescendo grazas a esta aposta estratéxica. Temos exemplos no sector alimentario: Pazo de Vilane, Paco y Lola, Casa Grande de Xanceda, Frinsa; no sector naval, Rodman; no sector da automoción: Castrosúa, Urovesa; na industria extractiva: Cupa Pizarras DFG Pavestone; no sector da madeira: Finsa, Cocinas Santos, Mobalco, Galopín Playground ou no sector das telecomunicacións como Televés.

Pero o reto é que sexan moitos máis, e que se focalice a implementación nas pemes galegas, é dicir, que se consolide un ecosistema galego de deseño e innovación para a difusión da importancia desta disciplina en todos os sectores industriais e empresariais galegos, da man dos seus axentes protagonistas. Isto complementará o

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



esfuerzo crecente que en Galicia se está a facer en favor da I+D+i e o desenvolvemento tecnolóxico, xa que proporciona metodoloxías e ferramentas que poden ser utilizadas en diferentes fases do proceso de innovación empresarial para incrementar o valor de produtos e servizos e aproveitar novas oportunidades.

Por iso, desde 2018 a Xunta de Galicia está desenvolver do Programa de Deseño para a Innovación, de cara a difundir, divulgar e apoiar a empresas e entidades sobre como o deseño pode axudar a incrementar a competitividade. Pero faise necesario seguir impulsando este cambio na sistemática das empresas con novas medidas e iniciativas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar novas iniciativas e instrumentos de apoio económico ás pemes, para introducir o deseño nas estratexias empresariais que permitan favorecer a recuperación da crise a través da utilización de ferramentas e metodoloxías de pensamento creativo que propicie a xeración de novo valor en produtos, servizos e modelos de negocio máis sostibles e máis dixitais.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 15:18:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 15:19:12

Marta Nóvoa Iglesias na data 17/03/2021 15:19:26

Borja Vereza Fraiz na data 17/03/2021 15:19:43

José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 15:20:02

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/03/2021 15:20:18

Cristina Sanz Arias na data 17/03/2021 15:20:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/03/2021 15:20:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Na actualidade, existen cerca de 7.000 enfermidades raras, que afectan ao 7% da poboación mundial e a mais de tres millóns de persoas en España. Unha de elas, a Fibrosis Pulmonar Idiopática (FPI), é unha enfermidade pulmonar rara, crónica e progresiva, que estímase que afecta a entre 7.500 e 8.000 persoas en España.

Recentemente, a fibrosis pulmonar despertou o interés científico, ao ser asociada como unha potencial secuela en pacientes que cursan COVID-19 con afectación pulmonar.

En Galicia, no Hospital Álvaro Cunqueiro, creouse fai uns meses unha Unidade Post-COVID, para facer un seguimento respiratorio dos pacientes que sufriron a enfermidade con mais gravidade, xa que estímase que hasta un 20 % de estes pacientes poderían desenrrolar fibrosis pulmonar despois de un ano.

Asímesmo, existe evidencia científica que indica que a Covid-19 pode estar actuando como acelerador da progresión fibrótica, en aqueles pacientes que presentaban un problema pulmonar de base.



A FPI é unha das denominadas enfermidades pulmonares intersticiais, que se caracteriza por unha inflamación e endurecemento progresivo (fibrosis) do tecido pulmonar, o que se traduce nun deterioro progresivo da función respiratoria.

A súa alta taxa de mortalidade —a supervivencia a cinco anos non chega ao 40%—, é superior a moitos tipos de cancro, como o de mama, o de ovario e o colorrectal.

Segundo datos do Estudio OASIS, o diagnóstico e tratamento en fases iniciais da enfermidade axudaría a conter o gasto total asociado a estes pacientes, estimado anualmente en 23.661 € por paciente.

Dende fai algúns anos, os especialistas dispoñen de opcións terapéuticas para ralentizar significativamente a progresión da fibrosis pulmonar idiopática, pero seguen existindo varios retos por superar en torno a esta enfermidade, para mellorar a supervivencia.

O diagnóstico precoz, é fundamental, pero a súa sintomatoloxía inespecífica —tos, fatiga, disnea, ou dor torácico— fai que poida confundirse con outras patoloxías e que, por tanto, a súa detección se retrase.

Estímase que mais da metade dos pacientes comezan o tratamento hasta dous e tres anos despois do inicio dos síntomas.

Ademais, nos últimos anos, púsose de manifesto que mais alá da FPI, a fibrosis pulmonar pode desenrrolarse tamén noutras enfermidades pulmonares ou estar ligada a outras en patoloxías do tecido conectivo.



Os especialistas insisten na necesidade de dar a coñecer o impacto da fibrosis pulmonar para que, dende Atención Primaria, primeiro eslabón da cadea asistencial, hasta os propios pacientes, se favorezca o diagnóstico precoz, un factor fundamental para a implantación do tratamento cando mais eficaz resulta.

Por todo elo, e ao obxecto de mellorar a atención sanitaria das persoas afectadas por fibrosis pulmonar idiopática e, en xeral, por Enfermidades Pulmonares Intersticiais, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a que ao longo desta lexitatura:

1. Garantizará o diagnóstico precoz do paciente con Fibrosis Pulmonar idiopática, a través do impulso de:
 - a. Plans de formación específicos en Atención Primaria sobre Enfermidades Pulmonares Intersticiais.
 - b. Protocolos para a derivación rápida dos pacientes con sospeita de FPI, dende Atención Primaria aos correspondentes Servicios de Neumoloxía e Unidades de Enfermidades Pulmonares intersticiais hospitalarias.
2. Incentivará a investigación sobre estas patoloxíae y o desenrolo de novos tratamentos.
3. Desenrrolará campañas informativas para a cidadanía, có fin de promover o coñecemento xeral sobre este tipo de enfermidades”.



Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 15:56:19

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/03/2021 15:56:41

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/03/2021 15:56:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2021 15:57:09

Noelia Pérez López na data 17/03/2021 15:57:22

María Corina Porro Martínez na data 17/03/2021 15:57:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/03/2021 15:57:51

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 15:58:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Noelia Pérez López, Corina Porro Martínez, Elena Suárez Sarmiento e Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Exposición de motivos

Unha das patoloxías mais invalidantes e con mais efectos devastadores sobre a vida persoal, familiar, social e profesional é a baixa visión ou a discapacidade visual.

Segundo a OMS, ao menos 2.200 millones de persoas padecen de baixa visión ou cegueira, poidendo evitar ao menos a metade destes casos si se adoptaran as medidas de prevención e detección precoz adecuadas.

Lamentablemente, o crecente envellecemento da poboación, os cambios nos estilos de vida, ou a falla de atención oftalmolóxica, están favorecendo o aumento de patoloxías relacionadas coa discapacidade visual, como é a Dexeneración Macular Asociada á Edad (DMAE), principal causa de cegueira legal en maiores de 50 anos en España e que actualmente afecta ao redor de 800.000 persoas no noso país.

Ante as dimensións sociosanitarias desta problemática, é cada vez maior o número de organismos internacionais que reclaman que a prevención da cegueira e a promoción da saúde visual sexan incorporadas á la axenda pública.



Galicia, ao contar cunha alta taxa de envellecemento poboacional, perfírase como unha das comunidades autónomas mais expostas aos problemas derivados da baixa visión e a cegueira. A elo súmanse factores como a despoboación e a dispersión demográfica nas zonas rurais, que representan un importante obstáculo para a prevención e detección precoz de patoloxías que poidan derivar en cegueira. De ahí que sea absolutamente necesaria a adopción de medidas urxentes por parte da Administración.

É importante, ademais, destacar que moitos dos casos que derivan en cegueira legal, comezan a producir deterioro da saúde visual a partir dos 50 anos, cando a persoa aínda se encontra con plenas capacidades para desenrrolar a súa vida laboral e social.

A información e a educación son básicos para destacar a importancia de coidar a nosa saúde visual, e nesta liña os medios públicos de comunicación xogan un papel fundamental.

A Administración Pública debe concienciar a través dos medios de comunicación e -con especial atención ao colectivo dos mais maiores-, da importancia de previr e diagnosticar precozmente patoloxías relacionadas que poiden derivar en cegueira. Un instrumento para alcanzar este obxectivo é a difusión de campañas informativas baseadas na concienciación, a sensibilización, a mobilización e a educación, para a súa proxección nos medios de comunicación públicos galegos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Desenrrolar medidas de Prevención da Cegueira Evitable a través do reforzo de programas de prevención, cribado e diagnóstico precoz; e unha maior atención domiciliar e psicolóxica para os pacientes con baixa visión, con especial énfases na poboación maior de 50 anos.



2. Establecer medidas para facilitar as revisións oftalmolóxicas e os programas de cribado e diagnóstico precoz de patoloxías que poidan derivar en cegueira nas persoas que habitan en zonas rurais e pouco poboadas e establecer medidas para a mellora da accesibilidade física.
3. Establecer un protocolo autonómico do proceso asistencial integrado, para fortalecer a cooperación e a comunicación entre os distintos profesionais sanitarios.
4. Desenvolver un programa específico de políticas sociosanitarias para os pacientes con baixa visión e cegueira, no que se preste especial atención á eliminación de barreiras de accesibilidade, e se promova a integración laboral e a loita contra a brecha dixital.
5. Impulsar a proyección de campañas informativas e de concienciación recurrentes sobre a importancia de previr a cegueira nos medios autonómicos de radio e televisión, coincidindo co **Día Mundial de la Visión** que se celebrará o próximo 14 de outubro de 2021”.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 16:01:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 17/03/2021 16:01:21

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 17/03/2021 16:01:51

José Alberto Pazos Couñago na data 17/03/2021 16:02:04

Noelia Pérez López na data 17/03/2021 16:02:18

María Corina Porro Martínez na data 17/03/2021 16:02:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 17/03/2021 16:02:49

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 16:03:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luís Manuel Álvarez Martínez, e da súa deputada, Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

A escola pública escolariza en España ao 68 % do alumnado das ensinanzas de Réxime Xeral previas á universidade, con importantes diferenzas en porcentaxes segundo comunidades autónomas. Algunhas políticas con medidas de recorte no financiamento para gastos de mantemento dos centros, redución do número de docentes, limitación en oferta educativa, de prestación de servizos complementarios, actividades extraescolares ou non substitución de profesorado, son algúns dos motivos polos que a escola pública necesita políticas de reforzo.

Cabe lembrar o contexto internacional en relación ao papel, extensión e protección da escola pública. Segundo o Informe (de febreiro de 2021) da Fundación 1 de maio elaborado polo colectivo Lorenzo Luzuriaga, a escola pública é a referencia incuestionable nos países occidentais. Coa excepción de dous países, Bélxica e Holanda, outros como Estados Unidos, Alemaña, Francia e Italia, importantes pola contía do seu número de habitantes e polo seu peso específico no mundo que coñecemos, así como algúns como Finlandia, Suecia ou Dinamarca, que se adoitan citar polos seus éxitos escolares, gozan todos eles de sistemas educativos vertebrados pola escola pública.

A relevancia da escola pública nos países máis desenvolvidos social e economicamente adóitase pasar por alto cando se comparan éxitos e fracasos escolares e pásase por alto tamén o feito de que neste grupo de países, caracterizados todos por unha longa traxectoria democrática, dereita e esquerda, demócratas e republicanos, laboristas e conservadores, socialdemócratas e democristiáns, están de acordo en que os seus sistemas educativos, por outra banda enormemente diversos entre si, se vertebran a través de centros públicos, creados e financiados polos poderes públicos.

A escola pública non é de dereitas nin de esquerdas. É a escola de e para todos os cidadáns; cumpre unha función esencial, unha necesidade, a de formar cidadáns, pero tamén a de integrar clases sociais, comunidades culturais, alumnos e alumnas de distintas procedencias sociais, culturais e relixiosas. É a que permite o exercicio do dereito á educación garantindo a igualdade de oportunidades,



unindo o desenvolvemento persoal que se produce grazas á educación, coa integración na sociedade á que pertencemos.

Isto implica que calquera familia de calquera clase social, preferencia relixiosa ou cultural ou pertenza étnica e lugar de residencia, dispoñerá para os seus fillos dunha escola pública de igual calidade que as restantes.

Esta é a grandeza da escola pública nos países occidentais e en España, por iso debe ser protexida, apoiada e coidada como o é no resto de países europeos de referencia e da OCDE.

Calquera país que aspire a ter cohesión social debe ter un modelo de escola que integre a diversidade social existente e que elimine calquera tipo de gueto, porque a escola non pode ser excluínate nunha sociedade que teña como meta un Estado social e democrático de dereito.

Debemos lembrar que a escola pública escolariza maioritariamente ao grupo de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais (NEE), así como aos estudantes con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), como a poboación inmigrante ou estudantes con discapacidade, non segrega e é gratuíta, tal e como recolle a Constitución española. Feitos e realidades que reforzan o seu valor e diferénciana doutros modelos educativos.

Estas diferenzas educativas fan que as políticas que ignoran á educación pública nalgúns comunidades autónomas e favorecen determinados criterios de admisión, fomenten unha escolarización homoxénea fronte aos principios de diversidade e heteroxeneidade que deben caracterizar a escola pública, como sucede nos países da contorna europea.

A consideración da educación como un servizo público esencial esixe que se cumpran uns niveis mínimos na prestación cuxa garantía é competencia dos poderes públicos e preservar o carácter vertebrador da escola pública tal e como recolle a LOMLOE e como se infere nos artigos 17, 23, 27 e 28 da LODE.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Incrementar o financiamento educativo para garantir un servizo de calidade, como suma de excelencia e equidade, nas distintas etapas obrigatorias e non obrigatorias.



2º) Ampliar a oferta de actividades complementarias e extraescolares na oferta educativa que atendan á formación integral dos estudantes.

3º) Incrementar nos centros ordinarios os recursos humanos e materiais para poder atender nas mellores condicións á diversidade e ao alumnado con necesidades educativas especiais.

4º) Impulsar o desenvolvemento profesional do profesorado e a carreira docente.

5º) Velar polo cumprimento de todos os criterios de admisión e equilibrio na escolarización heteroxénea do alumnado, entre os diferentes centros educativos segundo se recolle na LOMLOE.

6º) Fortalecer a intervención de familias, profesorado, alumnado e do conxunto da comunidade educativa na xestión e control dos centros públicos a través dos órganos colexiados de goberno e participación recollidos na LOMLOE.

Pazo do Parlamento, 17 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 17/03/2021 16:45:58

Noa Susana Díaz Varela na data 17/03/2021 16:46:11

Gonzalo Caballero Míguez na data 17/03/2021 16:46:25



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Sandra Vázquez Domínguez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Figueira e Borja Vereas Fraiz** ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en pleno.**

Exposición de motivos:

Neste momento tan complexo que nos toca vivir hai dúas palabras que se repiten continuamente: cambio e incerteza. Ambas están a marcar a nosa existencia a todos os niveis e, por suposto, tamén condicionan de xeito determinante a actividade económica.

A incorporación do deseño nas pemes neste contexto de transformación representa un elemento de carácter estratéxico no incremento do seu valor porque ten repercusión directa nalgúñas das variables e dos aspectos máis significativos da actividade empresarial (volume de vendas, penetración de mercados, internacionalización, propiedade industrial, diferenciación, imaxe percibida e recoñecemento de marca, fidelización ao cliente, etc.),

De feito, no presente son moitos os casos de empresas en Galicia que xa apostan polo deseño para a innovación como motor de competitividade e están crescendo grazas a esta aposta estratéxica. Temos exemplos no sector alimentario: Pazo de Vilane, Paco y Lola, Casa Grande de Xanceda, Frinsa; no sector naval, Rodman; no sector da automoción: Castrosúa, Urovesa; na industria extractiva: Cupa Pizarras DFG Pavestone; no sector da madeira: Finsa, Cocinas Santos, Mobalco, Galopín Playground ou no sector das telecomunicacións como Televés.

Pero o reto é que sexan moitos máis, e que se focalice a implementación nas pemes galegas, é dicir, que se consolide un ecosistema galego de deseño e innovación para a difusión da importancia desta disciplina en todos os sectores industriais e empresariais galegos, da man dos seus axentes protagonistas. Isto complementará o esforzo crecente que en Galicia se está a facer en favor da I+D+i e o desenvolvemento tecnolóxico, xa que proporciona metodoloxías e ferramentas que poden ser utilizadas



en diferentes fases do proceso de innovación empresarial para incrementar o valor de produtos e servizos e aproveitar novas oportunidades

Por iso, desde 2018 a Xunta de Galicia está desenvolver do Programa de Deseño para a Innovación, de cara a difundir, divulgar e apoiar a empresas e entidades sobre como o deseño pode axudar a incrementar a competitividade. Pero faise necesario seguir impulsando este cambio na sistemática das empresas con novas medidas e iniciativas.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar novas iniciativas e instrumentos de apoio económico ás pemes, para introducir o deseño nas estratexias empresariais que permitan favorecer a recuperación da crise a través da utilización de ferramentas e metodoloxías de pensamento creativo que propicie a xeración de novo valor en produtos, servizos e modelos de negocio máis sostibles e máis dixitais.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo do 2021.



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 17/03/2021 17:36:56

Sandra Vázquez Domínguez na data 17/03/2021 17:37:13

Marta Nóvoa Iglesias na data 17/03/2021 17:37:32

Cristina Sanz Arias na data 17/03/2021 17:37:54

José Antonio Armada Pérez na data 17/03/2021 17:38:16

Ovidio Rodeiro Tato na data 17/03/2021 17:38:38

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 17/03/2021 17:38:53

Borja Vereza Fraiz na data 17/03/2021 17:39:08

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez, Noa Presas Bergantiños, Paulo Ríos Santomé e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia**.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola alarma social xerada pola publicación da declaración de utilidade pública e da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da senda de Reza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2018 a veciñanza de Reza, en Ourense, mobilizouse e alegou contra un proxecto de senda peonil e ciclista que a Xunta de Galiza pretendía impulsar sen ter previamente en conta as opinións e consideracións da veciñanza.

Cómpre recordar que no DOG número 65 publicado en data 4 de abril de 2018, aparecía publicado un anuncio da Axencia Galega de Infraestruturas polo que se sometía a trámite de información pública o proxecto de construción do itinerario peonil e ciclista na 04-402, treito Reza, punto quilométrico 1+090 – 3 + 780, de clave OU/16/270.06, así como a relación individual de bens, dereitos e persoas propietarias





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

afectadas polo proxecto referido. Dito proxecto tiña por obxecto a creación dun itinerario mixto peonil e ciclista pola marxe dereita da estrada, retomando posteriormente o itinerario no treito da marxe dereita do río Miño. Por aquel entón, estabamos a falar dunha afectación a 45 persoas propietarias e 15 se corresponden con vivendas.

Desde que se coñecera este proxecto o temor da veciñanza aumentou de xeito considerábel e chegaron a recoller máis de mil sinaturas para a paralización da obra. A preocupación non se debía só ao impacto que esta obra podía ter en termos de afectación ás súas propiedades, senón, tamén, para a seguridade viaria nesa zona pois a circulación de ciclistas diante das entradas das casas e a limitación de espazo para veciñanza e peóns implicaba riscos todas vez que se trata ademais dunha zona recta na que se acadan importantes velocidades.

O proxecto, ademais, non contemplaba as históricas demandas da veciñanza, que de xeito reiterado ao longo dos últimos anos teñen demandado, por razóns de seguridade peonil, incluír nun plan de obras as beirarrúas e alumeado do que carecen en boa parte da estrada, feito que obriga á veciñanza a invadir a calzada, pola que transita un importante fluxo de vehículos, moitos deles de grandes dimensións. Para a súa sorpresa, non só non se prevían as beirarrúas senón que se substituían en todo este tramo por unha senda ciclista e peonil. Por estes motivos, por aquel entón o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presentou iniciativas ao respecto demandando a paralización do proxecto e a negociación coa veciñanza das modificacións necesarias para atender as súas demandas, entre as que se atopaba que non fose ciclista mais tamén moitas outras cuestións.

Sen que ese proceso de diálogo coa veciñanza se realizase de suficiente maneira, o Consello da Xunta do pasado 4 de marzo aprobaba o Decreto polo que se declara a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para executar a nova senda na estrada autonómica OU-402 en Reza, no concello de Ourense. Segundo a nota informativa “Esta actuación incorpora as achegas presentadas á proposta inicial, de forma que a nova senda, que se construíra entre os puntos quilométricos 1+090-3+780 da OU-402, terá un uso exclusivamente peonil. A parte do proxecto que prevía unha senda pola marxe dereita do río Miño segregarse e tramitarse nun proxecto diferente.”

É evidente que a Xunta de Galiza corrixe unha parte do problema, demostrando que estaba equivocada, porén a veciñanza non coñece a súa concreción para poder avaliar se é suficiente e demanda transparencia e diálogo.

Como consecuencia deste acordo, a Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galiza vén de publicar no DOG nº 50 do luns 15 de marzo de 2021 o Decreto 43/2021, do 4 de marzo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Fomento da mobilidade sustentable, nova senda na OU-402, treito Reza, puntos quilométricos 1+090-3+780, de clave OU/19/135.06.1, no concello de Ourense. Porén, no momento de asinar esta iniciativa, a información pública que consta no soporte web da Consellaría é a referente ao anterior proxecto (de clave OU/16/270.06), sen incorporar as modificacións.

Polo tanto, a Xunta de Galiza está a acometer esta cuestión de mala fe, sen diálogo e nun claro exercicio de abuso de poder. Esta publicación fíxose de modo repentino, sen información previa aos/ás representantes veciñais, polo que non hai garantías de que o resultado final sexa suficiente para que a veciñanza mude a súa posición inicial de oposición ao proxecto.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1. Realizar as actuacións necesarias para deixar sen efecto o Decreto 43/2021, do 4 de marzo, polo que se declara, en concreto, a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción: Fomento da mobilidade sustentable, nova senda na OU-402, treito Reza, puntos quilométricos 1+090-3+780, de clave OU/19/135.06.1, no concello de Ourense.

2. Remitir dito proxecto, coas mudanzas incorporadas, á veciñanza e constituír unha mesa de traballo para a súa valoración. Así mesmo, a garantir no proxecto unha planificación integral da mellora da seguridade viaria na zona.”

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 17/03/2021 10:58:52

Alexandra Fernández Gómez na data 17/03/2021 10:59:07

Paulo Ríos Santomé na data 17/03/2021 10:59:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 17/03/2021 10:59:21

Xosé Luis Bará Torres na data 17/03/2021 10:59:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputado e deputada **Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia**, sobre a apertura do Pazo de Meirás.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada porque o Pazo de Meiras leva tres meses pechado, situación diante da que é necesario un posicionamento do Parlamento galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 10 de decembro de 2020 tivo lugar o acto de entrega das chaves de Meirás ao Estado, en cumprimento da sentenza de primeira instancia do 2 de setembro que determinou a adquisición fraudulenta do ben pola familia Franco, a súa condición de ben de dominio público e a súa propiedade por parte do Estado.

Se ben a sentenza non é firme e está pendente da decisión do Tribunal Supremo, o goberno central da tomou posesión do Pazo e iniciou unha serie de tarefas para a apertura ao público e a divulgación da historia do lugar, que ten a condición de BIC na modalidade de sitio histórico. Con respecto ás obras que se están a realizar no predio, desde o BNG entendemos que o goberno ten a obriga de cumprir coa lexislación vixente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en materia urbanística e de patrimonio cultural, e asemade debe dar a máxima información sobre as actuacións que está previsto realizar.

Con respecto á apertura ao público do ben, inicialmente estaba prevista para finais de xaneiro mais foi adiada debido ao agravamento da crise sanitaria da COVID e o peche perimetral dos concellos. Nesta altura, tendo en conta a mellora da situación sanitaria, debería procederse á apertura e visita cando menos dos espazos exteriores formados por zonas verdes e xardíns, excluindo aquelas zonas que están en obras. A este respecto, cómpre ter en conta que desde o mes de decembro o goberno central está incumprindo a obriga de apertura cando menos 4 días ao mes do BIC e que Meirás leva catro meses pechado ao público.

Dado o simbolismo que ten Meirás e o significado da loita pola súa recuperación, consideramos que as administracións deberían programar un primeiro acto público de recoñecemento e homenaxe ás vítimas do franquismo, ás persoas espoliadas e ás persoas e entidades que protagonizaron décadas de mobilizacións, de investigacións e de iniciativas para denunciar a apropiación fraudulenta polos Franco e a devolución ao patrimonio público. Unha loita que, se ben ten antecedentes desde finais dos anos 70 do século XX, ten como fito fundacional a mobilización promovida pola Comisión pola Recuperación da Memoria Histórica da Coruña en novembro de 2005.

En relación cos usos que debe ter o conxunto, e diante da tentativa da Xunta de Galiza de solapar os contidos relacionados coa represión franquista e a loita democrática, consideramos do máximo interese a elaboración dunha proposta para a creación en Meirás dun centro internacional de estudo, investigación, divulgación e defensa dos valores democráticos e dos dereitos fundamentais fronte ás Ditaduras e os fascismos históricos e contemporáneos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento acorda como resolución:

1. Propoñer a apertura ao público dos espazos exteriores do Pazo de Meirás como forma de apropiación pública e cidadá do recinto logo de 82 anos de ocupación pola familia Franco.

2. Propoñer a todas as administracións relacionadas coa xestión provisional de Meirás (gobierno central, Xunta, Deputación da Coruña, concello da Coruña e concello de Sada) a organización no mes de abril dun primeiro acto de recoñecemento e homenaxe ás vítimas da represión franquista, ás persoas espoliadas e ás persoas e entidades sociais que protagonizaron a loita pola recuperación do Pazo de Meirás.

3. Trasladar ás administracións citadas a vontade de que Meirás se dedique de xeito prioritario á memoria histórica e aos valores democráticos e, en consecuencia, propoñer a creación en Meirás dun centro internacional de estudo, investigación, divulgación e defensa dos valores democráticos e dos dereitos civís e políticos fronte ás Ditaduras e os fascismos históricos e contemporáneos.”

Santiago de Compostela, 18 de marzo de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro,

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres
Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 18/03/2021 13:49:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 18/03/2021 13:49:13

Xosé Luis Bará Torres na data 18/03/2021 13:49:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Daniel Pérez López** e **Ramón Fernández Alfonzo** e deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia**, sobre a situación da hostalaría.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Parlamento e a Xunta se posicionen sobre a situación crítica que atravesamos o sector da hostalaría.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector da hostalaría, que engloba a bares, cafetarías, locais de ocio nocturno, restauración e hospedaxe, é un dos máis afectados polas consecuencias da Covid-19.

As medidas sanitarias adoptadas dende as administracións implicaron peches e restricións de actividade, horario e aforo dende o comezo da pandemia. E nos períodos nos que puideron abrir os seus negocios, a afluencia de clientes viuse gravemente afectada polos peches perimetrais e polo medo ao contaxio social. O que supuxo un importantísimo descenso de facturación, que non foi compensado durante moitos meses por axudas nin do Estado nin da Xunta.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E todo isto, despois dun ano de pandemia, levou ao sector a atoparse nunha situación crítica. Crítica para aqueles negocios que puideron resistir, porque no que vai de crise, o sector perdeu máis de 11.000 postos de traballo entre regulacións de emprego e despedimentos. E así o confirman o confirman os datos do Instituto Galego de Estatística (IGE) relativos ao ano 2020.

Convén recordar que estamos a falar dun sector cun gran peso no Produto Interior Bruto (PIB) galego, que empregaba, antes da pandemia, a máis de 60.000 galegos e galegas. Sector que ademais inflúe na creación de miles de empregos a través de sectores relacionados como poden ser os de alimentación, bebidas, distribución ou maioristas.

Por todo isto, a profunda crise da hostalaría pode ter un efecto negativo na economía galega, se non adoptan medidas contundentes e acaídas ás necesidades perentorias do sector. Máxime cando as liñas de axuda articuladas pola Xunta e o Estado non foron suficientes para permitir saír ao sector da situación de afogo na que se atopa.

Parece imprescindible que dende a Xunta de Galiza se aborde a problemática dos hostaleiros en profundidade, cunha análise abondosa pero precisa. E para acadalo devén ineludíbel escoitar a todo o sector, que é amplo e diverso. E realizar esa análise dende un punto de vista técnico.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a constituír unha mesa técnica de traballo na que estean presentes a propia Xunta de Galiza, Administracións locais, unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

representación ampla e plural do sector da hostalaría, así como economistas pertencentes ao Consello Galego de Economistas e as Universidades galegas, co obxectivo de consensuar e levar a cabo actuacións económico-sociais cara o sector por parte da Xunta de Galiza e, cando aquelas sexan de competencia estatal, instalas do Estado.”

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Pérez López**

Ramón Fernández Alfonso

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 22/03/2021 16:00:17

Ramón Fernández Alfonso na data 22/03/2021 16:00:30

María do Carme González Iglesias na data 22/03/2021 16:00:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/03/2021 16:00:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e 98 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª polo trámite de urxencia**, relativa a coñecer a estratexia de vacinación contra a Covid 19.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola necesidade de coñecer en sede parlamentar a actualización da estratexia de vacinación contra a Covid 19.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A campaña de vacinación contra a Covid 19 iniciouse o 27 de decembro, lévase polo tanto tres meses e a mesma estase desenrolando con máis lentitude do que se tiña anunciado. O ritmo de inmunización está moi por debaixo do planificado, o que fai poñer en cuestión que se vaian cumprir os obxectivos marcados.

Os atrasos na vacinación, o risco dunha nova repunta de contaxios, a paralización da administración da vacina de Astra-Zéneca... están xerando inqueda e preocupación, tanto na poboación como dxs profesionais. A Atención Primaria mantense asfixiada ao ter que atender toda a atención das patoloxías ordinarias,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

detección de novos casos, petición de PCRs, seguimento dos doentes positivos nos seus domicilios, e agora a campaña de vacinación supón unha presión adicional sobre estes profesionais sen que se coñeza cal é a previsión de reforzo de profesionais, nin a formación para xs mesmxs.

Tanto na Estratexia estatal de vacinación fronte á Covid19 e o Plan de vacinación da Xunta de Galiza estableceuse primeiro a progresiva administración da vacina a grupos de poboación de acordo con criterios de risco de contaxio por estar en primeira liña de loita contra o virus ou desenvolver actividades esenciais, logo grupos vulnerábeis, como maiores de oitenta anos ou grandes dependentes, e a partir de aí por grupos de idade.

Estamos constatando que se están solapando grupos, (sen ter rematado un grupo, empézase con outros) e tamén que o ritmo de vacinación está sendo diferente segundo áreas sanitarias.

Segundo a información que está trasladando tanto o Goberno español coma o Galego a partir de abril van recibirse doses moi importantes de diversas vacinas, o que vai permitir a intensificación das vacinacións.

Diante desta situación estamos asistindo de novo á opacidade, falta de información por parte da Xunta de Galiza sobre unha cuestión de máxima relevancia, polo que son moitas as incógnitas que xorden e que precisan clarificación, por estas razóns o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª polo trámite de urxencia:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1.- Presentar no Parlamento a actualización da estratexia de vacinación para os vindeiros meses, coa priorización de grupos, onde se van administrar as vacinas, papel da Atención Primaria, reforzo de persoal...

2.- Publicar diariamente todos os datos desagregados referidos ao proceso de vacinación: grupos de prioridade, lugares de vacinación..."

Santiago de Compostela, 22 de marzo de 2021

Asdo.: **Iria Carreira Pazos**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 22/03/2021 17:51:51

Iria Carreira Pazos na data 22/03/2021 17:51:55

María Montserrat Prado Cores na data 22/03/2021 17:52:10



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Marta Nóvoa Iglesias, Marisol Díaz Mouteira, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Páez, Diego Calvo Pouso, Rubén Lorenzo Gómez e Carmen Pomar Tojo**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

O Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, é un dos de maior superficie de Galicia, así como o máis antigo, pois data do ano 1965.

Está situado a 10 km do centro da cidade e, nun radio de 2 km, encóntrase o cinto empresarial de Ourense, composto polo Parque Tecnolóxico e o Polígono de Barreiros, tamén no Concello de San Cibrao das Viñas, o polígono do Concello de Pereiro de Aguiar, e o parque empresarial de Seixalvo, no Concello de Ourense.

En total, en menos de 6km á redonda, temos 642 empresas, 13.100 traballadores e 6,8 millóns de metros cadrados de superficie de solo industrial.

Estas empresas moven na actualidade máis de 3 millóns de toneladas anuais de mercadorías por estrada, o que é equivalente a uns 120.000 camións.

Hai que salientar ademais que a Xunta, a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo, ten previsto desenvolver o parque empresarial de Paderne de Allariz, de maneira que, entre o polígono de San Cibrao, o Tecnolóxico e a súa futura ampliación, a Cidade do Transporte e o futuro parque empresarial de Paderne de Allariz, créase un gran polo empresarial na zona.

Pese a este gran potencial industrial, este cinto empresarial só conta cun apeadoiro-cargadoiro ferroviario que dá servizo exclusivamente a unha gran empresa agroalimentaria.

O transvase de mercadorías da estrada ao ferrocarril é un obxectivo dos gobernos. O aforro de enerxía, o aforro económico, evitar a contaminación e os accidentes, a menor



ocupación do territorio e a diminución da dependencia do petróleo son algunhas das vantaxes do ferrocarril.

A proposta de emprazamento desta central de mercadorías é colindante á Cidade do Transporte no concello de San Cibrao das Viñas, construída pola Xunta de Galicia, e o terreo proposto é contiguo a liña férrea actual de Ourense a Zamora.

Esta é a reivindicación máis importante do tecido empresarial de Ourense, que hoxe se fai máis necesaria ca nunca. Unha nova estación ferroviaria de mercadorías que permita a intermodalidade e que aumente a competitividade das empresas, permitindo tamén liberar espazo na estación Ourense-Empalme. Esa estación ocupa unha gran cantidade de metros cadrados e na actualidade está infrautilizada, pois os tráfico máis importantes realízanse na que hai en San Cibrao e que utiliza a empresa Coren, e na de Taboadela, que se utiliza para o envío dos contedores da planta de transferencia de Sogama, tamén situada no polígono de San Cibrao das viñas.

A central de mercancías do Polígono de San Cibrao está apoiada por diferentes administracións: Concellos, Deputación de Ourense, Xunta de Galicia, e tamén conta cun forte respaldo empresarial e de partidos políticos e sindicatos de diferente signo.

Entendemos que o primeiro paso é que o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana apoie esta iniciativa e acorde a redacción do proxecto desta nova Estación Ferroviaria de Mercadorías.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandar ao Goberno de España, a través do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, que inicie a redacción do proxecto dunha nova estación ferroviaria de mercadorías no Polígono Industrial de San Cibrao das Viñas, na provincia de Ourense, liberando espazo da estación de Ourense-Empalme e contribuíndo a facer cidade”.

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2021



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 12/03/2021 10:40:49

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/03/2021 10:41:21

María Sol Díaz Mouteira na data 12/03/2021 10:41:35

José Manuel Balseiro Orol na data 12/03/2021 10:41:46

Ramón Carballo Páez na data 12/03/2021 10:42:02

Diego Calvo Pouso na data 12/03/2021 10:42:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 12/03/2021 10:42:36

Carmen María Pomar Tojo na data 12/03/2021 10:42:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

15702 Santiago de Compostela
Galiza

competente en materia de conservación do patrimonio natural un réxime de protección preventiva consistente:

a) na obriga das persoas titulares dos terreos de facilitaren a información e o acceso ao persoal que, consonte o disposto no artigo 116, teña encomendadas as funcións de custodia dos recursos naturais

b) no inicio de inmediato do procedemento de declaración do espazo natural protexido ou do procedemento de aprobación do instrumento de planificación que corresponda, e

c) nas medidas que garantan o bo estado de conservación do espazo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Facer unha avaliación de conxunto sobre o impacto de 24 parques eólicos e as súas infraestruturas nas serras do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira e elaborar un informe, a través da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático e da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, sobre o risco de desaparición ou degradación de hábitats e especies de interese comunitario e de interese prioritario.

2. Desenvolver as medidas pertinentes, en cumprimento do artigo 88 da lei 5/2019 de patrimonio natural e da biodiversidade, para garantir a conservación das especies de fauna e flora de interese comunitario presentes na serra do Suído, Faro de Avión e Coto de Eira.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Dar cumprimento ao establecido no artigo 46 da lei 5/2019 en relación co protección preventiva.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 11:13:59

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 11:14:07

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 11:14:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª**, sobre a devolución das contías pagadas polas familias usuarias de escolas infantís correspondentes ao mes de marzo de 2020 e as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 13 de marzo de 2020 a Xunta de Galiza decretou a emerxencia sanitaria o que provocou o peche de centros de ensino e escolas infantís, entre outros servizos. Malia que as crianzas non puideron ir á escola durante a segunda quincena de marzo, as familias xa aboaran por adiantado, como é habitual e dentro dos primeiros 10 días, o mes completo polo que procederon a reclamar o reembolso da contía correspondente ao tempo que non foi prestado o servizo.

Así as cousas, malia o tempo transcorrido, un ano, as familias continúan a agardar a devolución dese diñeiro por parte da Xunta de Galiza que se ben recibiu as correspondentes reclamacións aínda non procedeu a ingresar o diñeiro.

Cómpre sinalar que esa devolución enmárcase na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza cuxo artigo 48.8 establece que “cando por causas non imputables ao obrigado pagamento do prezo non se realice a actividade ou non se preste o servizo, procederá á devolución do importe que corresponda”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Segundo a información trasladada ao Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego por usuarias e usuarios que se atopan nesta situación, a Xunta de Galiza confirma a recepción e correcta tramitación desas solicitudes mais nin sequera fixa unha data orientativa na que se procederá ao seu reembolso.

Resulta incomprensíbel a lentitude e falta de dilixencia coa que está a actuar a administración pública cando a propia administración foi estricta ao urxir a devolución doutro tipo de matrículas en establecementos como ximnasios, academias ou outras instalacións deportivas, por sinalar apenas algúns exemplos, nos que tamén se suspenderon as actividades por mor da pandemia.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a proceder de maneira inmediata ao reembolso das contías correspondentes á segunda quincena de marzo de 2020 en escolas infantís 0-3 dependentes da Consellaría de Política Social, de acordo co disposto no artigo 48.8 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galiza.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 15/03/2021 12:24:16

Iria Carreira Pazos na data 15/03/2021 12:24:25

Olalla Rodil Fernández na data 15/03/2021 12:24:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Catálogo das Paisaxes de Galicia inclúe a Serra do Suído como Área de Especial Interese Paisaxístico (AEIP _08_15), polo que se deberá estar ao disposto na Lei 7/2008, de 7 de xullo, de Protección da Paisaxe de Galicia.

Nestes momentos estanse a tramitar máis de 20 proxectos de parques eólicos no ámbito da AEIP_08_15. Prevense importantes impactos na fase de construción pola apertura de centos de km de pistas e gabias de canalización de augas, centos de km de canalizacións soterradas, movementos e explanacións de terras para a instalación de aeroxeradores, subestacións e estacións meteorolóxicas, e construción de infraestruturas de transporte de enerxía. A estas afeccións hai que engadir as derivadas da posta en funcionamento dunha cantidade tan elevada de aeroxeradores e infraestruturas asociadas, o que sen dúbida terá un forte impacto visual na paisaxe da serra.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a encargar ao Instituto de Estudos do Territorio un estudo de avaliación conxunta e un informe sobre o impacto visual e paisaxístico da construción de 20 parques eólicos no ámbito da Área de Especial Interese Paisaxístico Serra do Suído.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: Manuel Lourenzo Sobral

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 12:47:35

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 12:47:39

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 12:47:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres** e **Manuel Lourenzo Sobral** e deputada **Alexandra Fernández Gómez**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade establece no seu artigo 2, referido aos “Principios xerais”, o seguinte:

“Son principios inspiradores desta Lei:

a) o mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, co apoio dos servizos dos ecosistemas para o benestar humano

b) a conservación e a restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para ese fin terán en conta as exixencias económicas, sociais e culturais, así como as particularidades rexionais e locais

c) a utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sustentable do patrimonio natural, en particular das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e mais para evitar a perda neta da biodiversidade

d) a conservación e a preservación da variedade, a singularidade e a beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e) a integración dos requisitos da conservación, do uso sustentable, da mellora e da restauración do patrimonio natural e da biodiversidade nas políticas sectoriais, e en particular na toma de decisións no ámbito político, económico e social

f) a prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística

g) a precaución nas intervencións que poidan afectar o patrimonio natural ou a biodiversidade

h) a garantía da información á cidadanía e a súa formación e concienciación sobre a importancia do patrimonio natural e da biodiversidade, así como a súa participación no deseño e na execución das políticas públicas dirixidas á consecución dos obxectivos establecidos por esta Lei

j) a prevención dos problemas derivados do cambio climático, a mitigación e a adaptación a el e mais a loita contra os seus efectos adversos”.

Tendo en conta o previsto na citada Lei e a relevancia que se lle dá nela á prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística, ao principio de precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural ou á biodiversidade, e á prevención dos problemas derivados do cambio climático, parece necesario establecer certas cautelas a respecto da enxurrada de proxectos eólicos que se están a tramitar na actualidade, moitos dos cales afectan a espazos de grande interese ambiental e a hábitats de interese prioritario.

Cómpre ter en conta que aínda que se tramitan como parques individuais, normalmente conforman auténticos polígonos que afectan a miles de hectáreas, implican un cambio na cualificación urbanística do solo, prevén un uso industrial





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

intensivo do territorio e unha alta concentración de infraestruturas de acceso, excavación de gabias e canalizacións, instalación de aeroxeradores, construción de torres meteorolóxicas, construción de subestacións e instalacións de liñas de transporte de enerxía. En definitiva, a totalidade das obras vai provocar fortes alteracións na orografía, na paisaxe, nos recursos hídricos, en hábitats e especies de interese, e en elementos do patrimonio cultural, polo que deberían ser obxecto dunha avaliación conxunta dos seus efectos acumulativos e sinérxicos.

Un exemplo destes efectos acumulativos témolo nos parques eólicos que afectan á serra da Groba, ao monte da Valga, ao Galiñeiro ou á serra do Suído, espazos que atesouran grandes valores ambientais, culturais e paisaxísticos e que no seu día formaron parte da proposta de ampliación da Rede Natura tramitada polo goberno galego.

Trátase de espazos que albergan hábitats declarados de interese comunitario e de especial interese, que se verían afectados irreversibelmente se levan a cabo os parques eólicos proxectados. E ademais, pola súa singularidade e beleza, foron declaradas Áreas de Especial Interese Paisaxístico, figura prevista na Lei 7/2008 de protección da paisaxe de Galicia e na normativa que a desenvolve.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza:

1. Aplicar o principio de precaución nas intervencións que poidan afectar ao patrimonio natural ou á biodiversidade, como é o caso dos parques eólicos previstos na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Groba, monte da Valga, O Galiñeiro ou a serra do Suído-Alto Tea dado que se prevé un uso intensivo e unha concentración de infraestruturas que poden ter efectos irreversíbeis en hábitats de interese prioritario

2. Aplicar o principio de prevención dos problemas derivados do cambio climático e, en consecuencia, facer unha avaliación conxunta dos efectos negativos que a alta concentración de infraestruturas asociadas a parques eólicos pode ter na rede hídrica e en hábitats de especial importancia na prevención do cambio climático como as turbeiras.

3. Realizar unha avaliación conxunta dos efectos acumulativos e sinérxicos dos parques eólicos en espazos de especial interese ambiental e paisaxístico como a serra da Groba, monte de Valga, O Galiñeiro e serra do Suído, e fomentar a participación social neste proceso avaliativo.

4. Reiniciar a tramitación da ampliación da Rede Natura e, en consecuencia, establecer o réxime de protección preventiva nos espazos incluíndos na proposta de ampliación.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Alexandra Fernández Gómez

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 15/03/2021 13:08:54

Alexandra Fernández Gómez na data 15/03/2021 13:08:58

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/03/2021 13:09:07



Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Paloma Castro Rey, Pablo Arangüena Fernández, Patricia Otero Rodríguez e Luís Manuel Álvarez Martínez**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia, aprobado o 13 de xaneiro de 2011, estableceu uns obxectivos para impulsar a xestión de residuos domésticos en Galicia cara un escenario máis sostible.

Posteriormente, coa publicación da Lei estatal 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e a posterior aprobación do Plan Estatal Marco de Residuos 2016-2022 (PEMAR) o 6 de novembro de 2015, as comunidades autónomas tiveron que adaptar os seus plans.

Galicia no mes de decembro actualizou o seu PXRURG establecendo novos obxectivos en materia de reciclado e preparación para a reutilización, en cumprimento das obrigas comunitarias en materia de planificación recollidas na Directiva 2008/98/CE Marco de Residuos, e ampliou a vixencia do plan ata 2022.

Entre estes obxectivos atopábanse con carácter cualitativo a prevención e o reciclado e reforzar o principio de xerarquía nas opcións de xestión de residuos.

E con carácter cuantitativo, antes de 2020, a cantidade de residuos domésticos e comerciais destinados á preparación para a reutilización e o reciclado para as fraccións de papel, metais, vidro, plástico, biorresiduos ou outras fraccións reciclables deberá alcanzar en conxunto, como mínimo, o 50 % en peso.

Así, a partir da bolsa tipo de Galicia, a previsión das cantidades que se deberían destinar a preparación para a reutilización e reciclado en 2020 para a materia orgánica, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización tiña



que ser de 245.261 toneladas.

A Plataforma Galega de Información Ambiental, Gaia, indica que no ano 2019, a cantidade destinada a reciclado e preparación para a reutilización foi de 46.095 toneladas, cantidade moi lonxe dos obxectivos marcados.

Por outra banda, estableceuse tamén un esquema de desenvolvemento temporal do plan, que contemplaba 3 fases temporais (Inicio do Plan 2010-2013, Primeira Fase de Consolidación 2014-2017, e Segunda Fase de Consolidación 2018-2020), e unha Fase Final de Avaliación, que se prolongará durante os anos 2021 e 2022. Cuxos obxectivos están tamén moi lonxe de ser cumpridos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que:

1. Xustifique porque nestes 10 anos non cumpriu os obxectivos marcados no Plan de Xestión de Residuos Urbanos de Galicia.
2. Xustifique onde destinou o investimento que tiña previsto para as construcións destas máis de 11 novas plantas de compostaxe de FORSU, e porque non levou a cabo nin a primeira.
3. Informe sobre as medidas que vai adoptar para cumprir as esixencias marcadas pola UE en materia de xestión de residuos orgánicos.
4. Informe se o escaso nivel de cumprimento pode conlevar algunha sanción por parte do Estado ou da UE.



5. Dea conta do informe de conclusións sobre o nivel de cumprimento dos obxectivos do Plan de Residuos urbanos de Galicia, que tiña que ter elaborado no ano 2020.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Patricia Otero Rodríguez

Luís Manuel Álvarez Martínez

Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 15/03/2021 13:28:13

Pablo Arangüena Fernández na data 15/03/2021 13:28:22

Patricia Otero Rodríguez na data 15/03/2021 13:28:34

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 15/03/2021 13:28:46

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/03/2021 13:29:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **María González Albert** e **Carmen Aira Díaz** e do deputado **Xosé Luis Rivas Cruz**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª**, sobre as verteduras en zonas forestais e montes en man común.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A acumulación de vertidos de residuos de obras, pneumáticos, chatarra de diversa procedencia, móbeis e outros elementos en zonas forestais e montes en man común non constitúe ningún caso illado. A proliferación de residuos constitúe polo tanto un auténtico problema que os comuneiros e comuneiras procuran atallar o máis rapidamente posíbel xa que, de non facelo, o vertedoiro vai aumentando de tamaño. Esta situación dáse incluso en lugares e parroquias nos que existe un Punto Limpo próximo no que facer unha xestión correcta dos residuos.

Así, e sen explicación lóxica, moitos montes veciñais, con especial incidencia nas zonas periurbanas e nas proximidades de zonas industrias, son depósito de diversos vertidos de variada procedencia: chatarra, inertes, escombros de obras, e todo tipo de lixo en xeral. Estes vertidos son feitos por terceiros, sen autorización dos titulares dos montes.

A pesares do grande problema que estes vertidos incontrolados supoñen para as Comunidades de Montes, a interpretación da lei de vertidos que se fai desde a Consellería de Medio Ambiente do artigo 59.1 da lei 10/2008 de 3 de novembro é





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

resulta tendenciosa e non se axusta ao que a citada lei establece ao culpabilizar aos titulares dos montes como posuidores duns residuos que non son deles senón froito dun abandono ilexítimo nos seus terreos. Faise deste xeito, por parte da Xunta de Galiza, unha interpretación parcial e lesiva da lexislación pretendendo responsabilizar dos residuos a quen tamén os sofre.

Esta situación é dunha tremenda inxustiza, porque responsabiliza a alguén dunha infracción cometida por outros. E aínda máis, estas interpretacións amosan a intencionalidade por parte da Consellería de facer deixación da obriga de investigar, perseguir e sancionar ós verdadeiros responsábeis.

Esta inxustiza mostra a falla de interese na corrección de condutas irresponsables e delitivas e o descoñecemento da realidade dos montes veciñais que veñen sendo espazos abertos situados maioritariamente distantes de núcleos de poboación que poden ser transitados e usados, para estes delitos contra o medio ambiente, na impunidade do anonimato .

E namentres isto sucede os responsables das verteduras, non teñen penalización algunha, e o problema persiste.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 7ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1. Deixar sen efecto os requirimentos e sancións que fosen feitos a respecto dos vertidos aparecidos en montes veciñais e que non se poidan imputar aos propietarios.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Abrir en cada un dos casos investigación de esclarecemento procurando os autores e responsábeis e todas as medidas disuasorias que eviten a repetición e comisión destes delitos.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 15/03/2021 15:42:17

María del Carmen Aira Díaz na data 15/03/2021 15:42:27

Xosé Luis Rivas Cruz na data 15/03/2021 15:42:39

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2021 15:42:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Ramón Fernández Alfonzo** e **Daniel Pérez López** e da deputada **Carme González Iglesias**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a situación da central térmica das Pontes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

ENDESA desbota o uso de biocombustíbeis para manter a actividade da central térmica das Pontes. Alega motivos técnicos, ambientais, e económicos, e acompaña as súas conclusións dun informe que as corrobora, elaborado por un tecnólogo internacional alleo á empresa.

Se nada o evitar, o peche da central térmica das Pontes producirase inevitablemente durante o primeiro semestre do presente ano. Desbotadas as alternativas para manter o funcionamento da central en algunha medida, abrolla con forza a evidencia da falta de previsión governativa ante a posibilidade de que o peche finalmente se materializara.

Pola súa parte ENDESA anuncia o seu plan FUTUR-E, co que prevé instalar nas Pontes unha planta de hidróxeno verde, así como unha cantidade importante de MW eólicos. Todo vinculado á obtención de fondos *next generation*.

En canto á Xunta de Galiza, que se autoerixe en principal valedora do proxecto de biocombustíbes malia descoñecer ou ocultar as posibilidades reais do que este poida





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

chegar a significar, ou a tanta xente podería dar ocupación, anuncia en medios de comunicación un proxecto en colaboración con REGANOSA para instalar nas Pontes un proxecto de hidróxeno verde, tamén vinculado aos fondos *next generation*. Un proxecto ao que fai referencia de cando en vez segundo lle interese no debate político mais do que tamén descoñecemos os detalles.

Mentres todo isto segue sen concretarse, o Convenio de transición xusta, que en outros territorios do estado español tamén afectados por peches de centrais térmicas xa están en marcha, algúns con proxectos definidos e con financiamento comprometido, no caso do Concello das Pontes aínda non se comezaron nin os trámites previos.

Por estas razóns, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta á Xunta a convocar unha reunión urxente do Comité de Crise das Pontes para explicar as súas propostas para a transición enerxética na localidade.”

Santiago de Compostela, 15 de marzo de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo
Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 15/03/2021 17:47:59

María do Carme González Iglesias na data 15/03/2021 17:48:03

Daniel Pérez López na data 15/03/2021 17:48:11

Ramón Fernández Alfonzo na data 15/03/2021 17:48:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa dos deputados **Daniel Castro García, Luis Bará Torres e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Secretaría Xeral para o Deporte realice unha auditoría á Real Federación Galega de Fútbol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como xa é ben sabido, Rafael Louzán, presidente da Federación Galega de Fútbol e ex-alto cargo do PP, foi condenado polo xulgado do penal número 3 de Pontevedra a dous anos de prisión e oito de inhabilitación para o exercicio de cargo público polos delitos de prevaricación e fraude, cometidos pola adxudicación irregular das obras de construción do campo de fútbol de Moraña. Polos mesmos feitos tamén foi condenada a xefa territorial da Xunta en Pontevedra Luísa Piñeiro. Mentres que Luísa Piñeiro dimitiu do seu cargo debido á gravidade dos feitos e da condena, Rafael Louzán segue exercendo como presidente da Federación Galega de Fútbol o que implica xestionar centos de miles de euros de fondos públicos e tomar decisións en relación con feitos como os que carrexaron a súa condena. Máis alá da valoración legal e do feito de que a sentenza non sexa firme, estamos a falar de feitos de extrema gravidade e que son censurábeis desde o punto de vista da moralidade, da ética e da exemplaridade con que deben actuar as persoas que teñen responsabilidades públicas. Máis aínda se cabe nun ámbito como o deportivo no que as persoas dirixentes deben ser exemplo para a sociedade e para as xeracións máis novas.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde que se fixo pública a sentenza o pasado 5 de febreiro pasou xa un mes e medio sen que a Presidencia da Xunta, da que dependen as competencias en materia deportiva, actuase neste caso para velar pola integridade e exemplaridade que debe presidir o funcionamento dunha institución tan relevante como a Federación Galega de Fútbol.

É por isto que, tendo en conta a gravidade dos feitos e a actual Lei do Deporte que nos seus artigos 57.1 e 61.6 permítelle á administración autonómica o seguinte “Realizar ou solicitar auditorías financeiras ou de xestión ou operativas, inspeccionar os libros e documentos oficiais que compoñan a contabilidade e organización da federación, para o que se poderá solicitar dos órganos federativos toda a información que se xulgue conveniente sobre estes e, en xeral, sobre as decisións ou os acordos adoptados pola presidenta ou polo presidente, pola asemblea xeral ou por calquera outro órgano, unipersoal ou colexiado, da estrutura federativa” e “A Administración autonómica poderá someter a xestión, a contabilidade e o estado económico-financeiro das federacións deportivas galegas a unha auditoría ou verificación contable, previa ou posteriormente á concesión de subvencións e axudas, consonte o estipulado no artigo 57.1. Así mesmo, a Administración autonómica establecerá mecanismos ou plans de viabilidade respecto das federacións deportivas cuxos indicadores presenten unha situación que poida comprometer a súa viabilidade.”

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a realizar unha auditoría financeira, de xestión e operativa á Real Federación Galega de Fútbol segundo o dito nos artigos 57.1 e 61.6 da Lei do Deporte de Galicia (Lei 3/2012, do 2 de abril).”

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 16/03/2021 09:41:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 16/03/2021 09:42:06

Xosé Luis Bará Torres na data 16/03/2021 09:42:16



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Martín Seco García, Carmen Rodríguez Dacosta e Noa Díaz Varela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Os montes das parroquias de San Miguel de Pereira e Arca no Pino, a pesar de contar cunha gran riqueza forestal, seguen a ser uns dos poucos montes do termo municipal que non contan cunha adecuada ordenación e concentración.

Poderíamos destacar nas principais características destas parroquias, a súa alta taxa de fragmentación e a súa deficiente rede de camiños.

Circunstancias, estas, que restan rendibilidade económica á zona e aos seus propietarios e propietarias cando chega a hora de realizar as cortas, e, sobre todo, no momento de levar a cabo o repoboamento forestal dos predios.

Isto, xa ten provocado que moitas das fincas queden abandonados, cubertas de maleza e totalmente improdutivas, producindo tan só maleza que serve de combustible para os incendios forestais.

Con fin de resolver esta problemática a Xunta de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, ten posto en marcha varias accións entre as que destacan os procesos de reestruturación parcelaria e o fomento do Banco de Terras. Ambas, buscan ordenar o territorio e adaptalo ás necesidades de cada zona, ben sexa a prioridade a agrícola ou forestal.

Dende o Concello do Pino por iniciativa do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, solicitáronlle á Consellería por vía dunha moción aprobada no pleno que a mellor acción para os montes de San Miguel e Arca é apostar polos procesos de reestruturación parcelaria.

Procesos que avanza de xeito desigual se comparamos as dúas parroquias en cuestión. Namentres en San Miguel de Pereira xa está iniciado o proceso desde o ano 1998 e xa conta co estudo de impacto ambiental, o proceso do monte de Arca non está nin iniciado, e carece do estudo previo de viabilidade.



Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a reactivar a reestruturación parcelaria do monte de San Miguel de Pereira, e estudar a viabilidade de realizar a concentración parcelaria na parroquia de Arca co fin de ordenar a zona e adaptala para un excelente aproveitamento forestal.

Pazo do Parlamento, 15 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 15/03/2021 16:25:12

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 15/03/2021 16:25:30

Noa Susana Díaz Varela na data 15/03/2021 16:25:42

Gonzalo Caballero Míguez na data 15/03/2021 16:25:55



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado, Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª.

A ponte de Cruzul, no concello lugués de Becerreá, iniciou a súa construción entre os anos 1776-78 proxectada polo enxeñeiro francés Lemour e está realizada cos parámetros construtivos e estilísticos da época. Levantada sobre dous grandes piares que xeraron tres arcos de medio punto, a ponte salvaba o val do Cruzul e facilitaba as comunicacións entre Galicia e a Meseta. Non en van, a ponte aséntase sobre o antigo Camiño Real que comunicaba Benavente (Zamora) e A Coruña.

Ata os anos 60 do pasado século a ponte formaba parte das infraestruturas da antiga estrada N-VI de acceso a Galicia, mais a partir das melloras substanciais na rede viaria do último terzo do XX, a N-VI e a ponte foron perdendo paulatinamente importancia como vía estrutural de comunicación co norte, polo que a pesar de que se atopa en bo estado corre risco de abandono se non se lle outorga a debida protección.

Os primeiros intentos de reclamar a importancia da obra datan de 2009, cando o Concello de Becerreá reclamou a súa distinción como ben de interese cultural e a el seguíronlle movementos similares por parte de colectivos veciñais e distintas organizacións para que se recoñeza o seu valor indubidable como reflexo dunha época de transformación na rede viaria do Estado.

O Estatuto de autonomía outórgalle a Galicia a competencia exclusiva en materia de patrimonio cultural e a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia faculta a Xunta de Galicia a declarar bens de interese cultural aqueles que posúan un carácter destacado, como é o caso da ponte de Cruzul, en Becerreá. Por esta razón, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a que, conforme a Lei 5/2016 de patrimonio cultural de Galicia, inicie os trámites necesarios para declarar ben de interese cultural a ponte de Cruzul, no concello de Becerreá.

Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2021





Pazo do Parlamento, 16 de marzo de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 16/03/2021 11:52:15

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/03/2021 11:52:28

Gonzalo Caballero Míguez na data 16/03/2021 11:52:40



A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa das deputadas e deputados, **Raquel Arias Rodríguez, Elena Candia López, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Daniel Vega Pérez e Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

O sector vitivinícola galego é un sector clave para a nosa comunidade, tanto desde o punto de vista da calidade, que nos diferencia, como desde a perspectiva económica. As potencialidades do mundo do viño son exponenciais.

A estes efectos, trátase dun sector que aglutina máis de 13.400 viticultores e preto de 500 adegas espalladas por todo o territorio galego. Ademais, calcúlase que na nosa comunidade existen máis de 9.200 hectáreas de viñedos que producen de media uns 64 millóns de quilos de uva ao ano, o que supón un valor estimado de máis de 206 millóns de euros no mercado.

Estamos a falar do eido agrario máis exportador da nosa comunidade, máis dun 20%. É dicir, unha de cada cinco botellas de viños das nosas denominacións de orixe saen de Galicia cara outros países, levando con eles pegadas da nosa distintiva marca e exportando calidade.

Por outra banda, é ineludible a dimensión de carácter dinamizador da produción agropecuaria dedicada ao sector vitivinícola. Unha dimensión que se identifica coa xeración de riqueza e de emprego para o rural galego.

Neste senso, é necesario seguir apostando por este sector como se fixo ata o de agora. Incluso, facer desa aposta un compromiso máis transversal e lonxevo, que permita continuar afrontando as consecuencias dunha crise sanitaria coa que, desgraciadamente, levamos convivindo xa hai un ano.

Ao abeiro disto, o Goberno galego vén amosando a súa implicación polo sector e compensando as deficiencias das achegas –cando hai achegas– do Goberno central, incidindo naquilo no que somos realmente competitivos, como é o caso da calidade fronte á cantidade.



Neste sentido, non houbo momento no que se deixasen de reforzar as sinerxías co sector, cuxo carácter estratéxico pola importancia económica que posúe e máis polas dimensións ás que contribúe, ambiental, cultural e socialmente, derivou no Plan estratéxico de dinamización das comarcas vitivinícolas, cuxo obxectivo é consolidar o vitivinícola como un sector competitivo, tanto no mercado nacional como nos internacionais, cun enoturismo de referencia e capacidade para xerar valor nas comarcas vitivinícolas de xeito sostible.

A devandita implicación tamén se demostra por medio da estreita colaboración da Xunta de Galicia na última vendima 2020 con viticultores e adegueiros. Tanto en relación a garantir que o proceso se puidese desenvolver con normalidade, como no senso de recoller toda a uva, e que non quedaran acios nas vides.

A emerxencia sanitaria debuxou a necesidade dun compromiso maior, situación na que o Goberno galego estivo á altura, como por exemplo co préstamo vendima, dotado con ata 6 millóns de euros, o cal permitiría que todas as adegas galegas puideran mercar a totalidade da uva da colleita dese ano en condicións normais de mercado. Estes empréstimos están garantidos no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2014-2020, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), activando unha liña de 37,5 millóns de euros de créditos garantidos pola Xunta.

Unha iniciativa enmarcada nunha nova liña de financiamento impulsada pola Xunta para axudar aos autónomos, microempresas e pemes máis afectados pola crise derivada da pandemia pola covid-19. Esta iniciativa permitiu que se recolleran máis de 60 millóns de quilogramos de uva, a pesares do contexto da pandemia, manténdose en liña co valor medio do último decenio.

Desta forma, e xunto con outras convocatorias de axudas específicas, o sector puido compensar as deficiencias das achegas do Goberno central, que resultaron claramente insuficientes e que amosan unha aposta que premia a cantidade, beneficiando a outras comunidades, en troques da calidade que distingue a nosa produción vitivinícola.

Ao respecto, desde o Grupo Parlamentario Popular de Galicia vemos a necesidade de incidir nun mantemento das axudas excepcionais ao financiamento das adegas, coa fin de naturalizar a situación en relación ás circunstancias das bodegas e permitir que poidan mercar a totalidade da uva de colleita de novo neste ano 2021 en condicións normais de mercado.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia para que manteña nesta campaña 2021 as axudas excepcionais ao financiamento operativo das adegas de elaboración de viño”.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 16/03/2021 10:47:36

Raquel Arias Rodríguez na data 16/03/2021 10:48:04

María Elena Candia López na data 16/03/2021 10:48:21

Rubén Lorenzo Gómez na data 16/03/2021 10:48:42

José Antonio Armada Pérez na data 16/03/2021 10:48:54

Ramón Carballo Páez na data 16/03/2021 10:49:10

Daniel Vega Pérez na data 16/03/2021 10:49:26

María Felisa Rodríguez Carrera na data 16/03/2021 10:49:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Elena Candia López, Raquel Arias Rodríguez, Rubén Lorenzo Gómez, José Antonio Armada Pérez, Ramón Carballo Páez, Daniel Vega Pérez e Felisa Rodríguez Carrera**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes**.

Exposición de motivos

En Galicia, os mercados de gando supoñen unha actividade cun gran interese para o sector primario, xa que a venda de animais constitúe unha fonte de ingresos adicionais para moitas explotacións que posúen excedentes. Ademais, esta actividade resulta fundamental para a dinamización do sector e representa un importante elemento dentro da cadea de produción agroalimentaria.

Así mesmo, a suspensión da celebración dos mercados de gando en todo o territorio galego durante o estado de alarma, nos primeiros meses do pasado ano 2020, representou un punto de inflexión no desenvolvemento desta actividade. Por outra banda, as repercusións amosaron a importancia implícita que posúen estes mercados en relación ao sector.

Neste sentido, a súa reapertura, despois de que o Centro de Coordinación Operativa de emerxencia sanitaria (Cecop) acordase o levantamento da suspensión da celebración deste tipo de feiras, tendo en consideración a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional en aplicación da que fóra a fase 1 do Plan de desescalada do Goberno central, foi acompañada do establecemento dos requisitos e protocolos de seguridade dilatados no tempo e adaptados ás circunstancias, aos que xa todos estamos acostumados, a maiores da normativa de sanidade animal e das competencias que corresponden aos concellos.

